

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de outubro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezaseis de outubro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1390).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de agosto de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa–presidenta.

2(1391).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO INTERPOSTO POR MIRADOR 3000 S.L. CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE SOLICITUDE DE EMISIÓN DE CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE OTORGAMENTO POR SILENCIO POSITIVO DE LICENCIA DE OBRAS. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 14.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaro a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Mirador 3.000 S.L. fronte ó Concello de Vigo, seguido como procedemento ordinario número 118/04 contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da solicitude formulada pola empresa para a emisión de certificación acreditativa de otorgamento por silencio da licenza de obras para a construción dun edificio na rúa Marqués de Alcedo, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

3(1392).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 298/2006 INTERPOSTO POR MIRIAM MÉNDEZ FORERO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 1.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo declarar y declaro a inadmisión da presente demanda, formulada polo letrado D. Pablo Gil Comesaña, en nome e representación de Miriam Méndez Forero, contra a resolución da Xunta de Goberno de 17 de agosto de 2005, pola que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora polas lesións sufridas como consecuencia da caída padecida o día 29 de outubro de 2004, polo mal estado da vía Hernán Cortés na esquina coa rúa Urzáiz, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

4(1393).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 191/2006 INTERPOSTO POR D. MARGARITA MORENO PAZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.05.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda formulada pola letrada Marta Gallego Ramos, en nome e representación de Margarita Moreno Paz, contra a resolución da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 26 de decembro de 2005, pola que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora polos danos sufridos a consecuencia da caída padecida na vía pública o 28 de maio de 2003, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación e ó servizo de Vías e Obras.

5(1394).- SENTENZA DO TSXG NO P.O. 02/0004955/2002 INTERPOSTO POR Dª. JOSEFA VÁZQUEZ ESTEVEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 6.07.06, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que rexeitando a alegación de inadmisibilidade realizada, debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a. Josefa Vázquez Estévez contra desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial interposto en data 23.07.01 ante o Concello de Vigo; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

6(1395).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 267/2004 INTERPOSTO POR D. ALBERTO MANUEL PALMEIRO SOLLA CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PATRIMONIO QUE INADMITE, POR EXTEMPORÁNEA, RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 26.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Alberto Manuel Palmeiro Solla fronte ó Concello de Vigo contra o decreto de 28.09.04 dictado polo concelleiro delegado de Patrimonio polo que se acorda inadmitir a reclamación formulada por Alberto Manuel Palmeiro Solla, o día 9 de xuño de 2004, por responsabilidade patrimonial, por tratarse dunha solicitude extemporánea ó ser presentada fóra do prazo previsto nos artigos 4 do Real Decreto 329/1993, de 26 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial e o artigo 142.5 da Lei 30/1992, procedendo ó arquivo da mesma, resolución que se declara contraria a Dereito, coa conseguinte condena ó Concello de Vigo a aboarlle a cantidade de 133.648,12 € ó actor, con aplicación do xuro correspondente, obriga da que responderá a Cía de Seguros Zurich en forma solidaria dentro dos termos da póliza subscrita co Concello. Todo isto sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

7(1396).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 02/1748.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción social, do 11.10.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Lina Iglesias Lamas.

8(1397).- SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS TITULARES DO ITINERARIO DE INSERCIÓN LABORAL DE AUXILIAR DE AXUDA Á DOMICILIO DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 4016/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.10.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O Proxecto ACTÍVATE (expte. 3246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11/07/05, é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo e que pretende elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas e tamén de demandantes de emprego con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo, pola súa pertenza a colectivos en situación ou en risco de exclusión social. Estes obxectivos materialízanse nos itinerarios de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar, auxiliar de axuda a domicilio, axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios, experto/a en limpeza, experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro (“planchado”) e teleoperador/a, para un total de 90 persoas beneficiarias.

A unidade xestora do proxecto (Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) elaborou as Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2006 (exp. 3659/077). Nestas bases establecéronse as fases das que consta o procedemento de selección (achégase copia).

Unha vez resoltas as anteditas fases para o Itinerario de inserción laboral de “Auxiliar de axuda a domicilio” dende a convocatoria pública ata a selección definitiva, foron aprobadas, a proposta do equipo técnico do Proxecto Actívate, pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, as seguintes listaxes definitivas de titulares e suplentes:

BENEFICIARIOS/AS TITULARES DO ITINERARIO DE “AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO”

	APELIDOS E NOME	DNI
1	MARTÍNEZ ANTÚNEZ, MANUELA	46902730A
2	BILBAO RUÍZ DE AUSTRI, OLATZ	36087069T
3	GIMÉNEZ ROMERO, ANA	11937064H
4	ESTÉVEZ PÉREZ, EVA	36118604W
5	LARREA GONZÁLEZ-CASAL, DOLORES MA.	36015144L
6	GURIAN AZEVEDO, ROSANA	X3791304F
7	ABELLEIRA NOVAS, MA. LUISA	43569758F
8	BROULLÓN DACOSTA, MA. JOSÉ	36127663E
9	GARCÍA VILA, MA. DEL PILAR	36033062C
10	GIL GÓMEZ, OSCAR OSVALDO	39465399K
11	LEÓN GABARRI, ANGELITA SONIA	53182871V
12	DE OLIVEIRA SOTO, MA. SOLEDAD	35298035G
13	OLIVEIRA ALFAREZ, MARÍA	35552470J
14	RODRÍGUEZ CAL, MERCEDES	36056831F
15	IGLESIAS ÁLVAREZ, CLOTILDE	36047725D

SUPLENTES DO ITINERARIO DE “AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO”

	APELIDOS E NOME	DNI
1	CORREA ESTÉVEZ, SERAFINA	44656515Z
2	GARCÍA MOLDES, MA. MILAGROSA	35553565G
3	LEIRA SORIA, ANA JOSEFA	36093873L
4	HERNÁNDEZ, ELIZABETH	X5876523T
5	DUQUE RIVERA, ANA YOLANDA	X1682070B

6	GONZÁLEZ FIGUEROA, MA. CONCEPCIÓN	36069328S
7	MENE RAMOS, ADELA	36061067B
8	ARIAS NOGUEIRA, JOSÉ MANUEL	36125967M
9	PÉREZ RODRÍGUEZ, MA. JOSEFA	36003528H
10	SANHA, GRACIETE	X2508233Z

O que se comunica á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(1398).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO ILE DA EMPRESA GAILSE C.B. EXPTE. 3938/77.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 4.10.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “GAILSE C.B.” (que terá por obxecto a realización de todo tipo de traballos relacionados coa interpretación da linguaxe de signos (LSE) e o apoio escolar a infancia con dificultades de comprensión lecto-escritora, co método bilingüe), sendo necesario para esto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte das Técnicas locais de emprego (TLE) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellería de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais a creación de empresas as que no seu caso opte.

10(1399).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitios por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC	REINTEG.	S/FAV.
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0633917	6.500,00	6.499,83	0,17	
CASTILLO MARTIN CARMELO DEL	0621785	500,00	82,00	418,00	
ESPADA RECAREY LUIS	0625325	6.851,40	6.851,40		
GOMEZ JANEIRO MARIA	0630813	1.350,00	1.350,00		
LOPEZ MOURE JESUS	0631153	15.000,00	15.000,00		
“	0633922	41.478,78	40.772,10	706,68	
OJEA PEREZ IGNACIO	0624333	600,00	600,00		
PINTADO GARCIA CARMEN	0619936	8.000,00	7.940,81	59,19	
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	0625326	1.257,00	1.100,00	157,00	
“	0625418	800,00	778,49	21,51	

“	0627856	575,80	541,26	15,84	*
“	0627857	18,70	37,40		*
“	0635085	600,00	0,00	600,00	
“	0636587	15,00	15,00		
“	0642867	310,11	262,20	46,71	**
“	0642866	288,00	289,20		**
SANLUIS COSTAS AVELINO	0626261	378,80	378,80		
“	0626257	56,10	37,40	18,70	
“	0629910	400,00	400,00		
“	0629911	321,80	227,90	93,90	
“	0629912	535,55	205,70	329,85	
“	0629496	112,20	0,00	112,20	
“	0629493	267,90	0,00	267,90	
“	0629439	1.000,00	0,00	1.000,00	
“	0629438	800,00	0,00	800,00	
“	0643482	37,40	37,40		
“	0643527	600,00	515,80	84,20	
“	0643405	600,00	515,80	84,20	
“	0643418	37,40	37,40		
“	0643644	600,00	515,80		
“	0643645	500,00	428,70	71,30	
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	0628846	12.000,00	11.997,85	2,15	
TOTAL			97.418,24		

*Compensadas, ** compensadas.

11(1400).- BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO E GOCE DE ESPAZOS DE USO COMÚN E PRIVATIVO NO CENTRO CÍVICO CASCO VELLO. EXPTE. 3067/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 9.10.06, conformado pola delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases e os seus anexos que rexerán o concurso para a autorización do uso e goce dos espazos de uso privativo no “Viveiro de asociacións” do Centro Cívico “Casco Vello”, sito na rúa Oliva, número 12.

2º.- Publicar as presentes bases no Boletín oficial da provincia durante un prazo de oito días hábiles a contar dende a publicación para a formulación de alegacións. Asemade publicarase nota informativa na prensa local.

3º.- Promover a concorrencia de solicitudes conforme ao procedemento previsto nas presentes bases.

BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO E GOCE DE ESPACIOS DE USO PRIVATIVO NO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS DO CENTRO CÍVICO “CASCO VELLO”

CAPÍTULO PRIMEIRO: BASES XERAIS E RÉXIME DE UTILIZACIÓN

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes bases outorgar, mediante concurso convocado para os efectos, a autorización para a ocupación e uso dos espazos privativos no “Viveiro de Asociacións” do Centro Cívico “Casco Vello” de Vigo, sito na rúa Oliva núm. 12.

Este edificio municipal está destinado a albergar organizacións sociais non lucrativas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, que carezan de local social e desenvolvan as súas accións dentro do termo municipal.

SEGUNDA: DESCRICIÓN DOS ESPAZOS

O mencionado edificio municipal conta con 4 plantas, desde semisoto a planta segunda, e ten unha superficie útil total aproximada de 573'80 metros cadrados.

A tipoloxía dos espazos que constitúen o edificio son fundamentalmente de dúas formas, dependendo dos/as destinatarios/as e usos principais:

- Espazos de uso común; estarán localizados nas plantas baixa e primeira, e comprenden:
 - Unha sala relacional e de encontros de 83'00 m², na que ademais de albergar posibles reunións ou asembleas, tamén terá zonas de lectura, xogos de mesa, etc.
 - Un vestíbulo de 23'90 m²
 - Unha aula polivalente de 29'78 m², a cal poderá ser utilizada para reunións así como para o desenvolvemento de actividades abertas á veciñanza (cursos, obradoiros, servizos, xornadas...).
 - Unha sala de espera e lectura de 32'27 m²
 - Dous servizos hixiénicos, tanto de homes coma de mulleres

A utilización dos espazos de uso común, sala relacional e aula polivalente, canalizaranse a través da Concellería de Participación Cidadá.

No caso de suspensión dalgunha actividade desenvolta nas zonas comúns, por causa de forza maior e non imputable a este Concello, a adxudicataria non poderá resarcirse de ningún dano.

- Espazos destinados a uso privativo:
 - Seis despachos, dous deles con almacén para uso do “Viveiro de Asociacións”, distribuídos entre a primeira e a segunda planta. En total 99'30 m² de superficie útil.

Ademais da cesión temporal de ditos espazos, este contará cun servizo de préstamo de diverso material necesario para o desenvolvemento das distintas tarefas que queiran levar a cabo as entidades enclavadas no centro, o cal se canalizará a través da Concellería de Participación Cidadá:

- Mobiliario básico (mesa, armario, andel, etc.) nos despachos.
- Material audiovisual (TV, vídeo, cámara de gravación, etc.).
- Fotocopiadora
- Guillotina de papel
- Encadernadora
- Proxector de diapositivas e transparencias
- Pantalla

TERCEIRA: NATUREZA DA RELACIÓN XURÍDICA

A fundamentación desta iniciativa municipal atópase no artigo 232 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais que establece que as “Asociaciones podrán acceder al uso de los medios municipales, especialmente locales, con las limitaciones que imponga la coincidencia del uso por parte de varias de ellas o por el propio Ayuntamiento, y serán responsables del trato dado a las instalaciones”.

En relación coa utilización dun ben patrimonial municipal, mediante cesión de uso, a fundamentación administrativa atopámola no artigo 109 do Regulamento de bens das corporacións locais, Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

A utilización das dependencias e servizos do “Viveiro de Asociacións” ten carácter administrativo e, polo tanto, as entidades quedan obrigadas a cumprir os requisitos e condicións que, en todo momento, estableza o Concello de Vigo.

Polo tanto a autorización de uso do inmovible obxecto das presentes Bases terá carácter gratuíto e precario, se ben as entidades beneficiarias deberán facerse cargo dos gastos comúns producidos polos consumos de electricidade, calefacción, limpeza e mantemento corrente, así como os consumos privativos que se ocasionen.

CUARTA: ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes Bases e normas de réxime interno do “Viveiro de Asociacións” do Centro Cívico “Casco Vello”, terán carácter xeral e obrigatorio para as organizacións non lucrativas (ONLs) que resulten autorizadas á utilización privativa do recinto, sexa cal sexa o título que a iso lles habilite.

A utilización dos espazos do “Viveiro de Asociacións” leva implícito a aceptación das presentes Bases para os efectos.

QUINTA: ASIGNACIÓN DE ESPAZOS E AUTORIZACIÓN DE USO

Conforme ao proxecto de obra aprobado, xa foi configurada inicialmente unha asignación de espazos á “Asociación de Veciños do Casco Vello”, ao Centro Municipal de Internet e ao Centro Atención Municipal. Ós espazos restantes obxecto da oferta de cesión, seranlles de aplicación as presentes bases sendo realizada a súa autorización definitiva polo órgano competente do Concello de Vigo.

A asignación e autorización do uso dos espazos ou despachos destinados ás asociacións, é dicir, a superficie do “Viveiro de Asociacións”, será exclusivamente para aquelas asociacións que non teñan local na cidade de Vigo e realizarase trala convocatoria pública e concorrencia de solicitudes. Dita autorización outorgarase por resolución da Xunta de Goberno Local a proposta da Concellería de Participación Cidadá, conforme ás bases e criterios de valoración establecidos na cláusula vixésimo sétima.

Co fin de garantir o acceso a un maior número de entidades, poderase compartir un despacho entre dúas ou máis asociacións. Unha vez realizada a 1ª adxudicación dos espazos ás entidades e no caso de que existira posibilidade de compartir despachos, completaranse tendo en conta: a orde de preferencia da lista de acceso dos non admitidos/as e a conformidade da entidade adxudicataria.

No caso de que a autorización se efectúe para un despacho, considerarase este como domicilio para os efectos de notificación.

A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do Concello de Vigo como entidade cedente.

SEXTA: PRAZO DE UTILIZACIÓN

A autorización outorgada para o Centro Cívico “Casco Vello” será para as organizacións usuarias do “Viveiro de Asociacións”. A cesión realizarase por ano natural renovable, polo prazo máximo de dez anos.

A precariedade desta cesión extínguese tralo agotamento do prazo ou pola reclamación do ben feita polo Concello de Vigo, tralo requirimento á entidade usuaria cun mínimo dun mes de antelación e tamén pola devolución do ben por parte da asociación. En todo caso, extínguese automaticamente no caso de que o ben

se destine a outra finalidade ou se disolva a asociación, revertendo o local ao patrimonio municipal sen ningún dereito a indemnización para a asociación.

Se a entidade está interesada en continuar dispoñendo do espazo outorgado, é necesario que, trinta días antes da finalización da autorización de uso, presente a solicitude de renovación. De non ser así, entenderase a vontade de abandonar o espazo por parte da asociación usuaria.

SÉTIMA: INSTALACIÓNS

A Concellería de Participación Cidadá recibe e pon a disposición das entidades usuarias o Centro Cívico “Casco Vello”, sito na rúa Oliva 12, e a moblaxe do devandito edificio relacionado no anexo 2 das presentes bases.

Será por conta das entidades usuarias a contratación dos servizos que sexan necesarios para o exercicio da súa actividade (teléfono, fax, correo electrónico, etc...).

OITAVA: OBRIGAS DAS ENTIDADES AUTORIZADAS

- 1. As entidades autorizadas ao uso do Centro Cívico “Casco Vello”, comprometeranse a aceptar as presentes Bases.*
- 2. A entidade beneficiaria destinará o local aos fins propios dos seus estatutos e en todo caso, aos fins de utilidade pública e de interese social, en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza da cidade e nunca en defensa de intereses comerciais ou profesionais.*
- 3. Teñen a obriga de facer uso de forma continuada dos despachos cedidos.*
- 4. Deben manter en bo estado de uso, conservación, funcionamento e decoro o inmovible e contribuirán economicamente cos gastos correntes que se establezan no seu momento, de conformidade co indicado na cláusula décimo sexta.*
- 5. Manterán relacións de boa convivencia co resto das entidades usuarias.*
- 6. As entidades beneficiarias estarán obrigadas a desocupar o ben obxecto da autorización na data de finalización do prazo polo que lle foi outorgada e noutro caso no prazo que se fixe na resolución que recaia no procedemento administrativo tramitado, como consecuencia da concorrencia das causas de resolución contempladas na cláusula décimo segunda das presentes bases e sen dereito a indemnización ningunha.*
- 7. As entidades están obrigadas a comunicar á Concellería de Participación Cidadá calquera eventualidade que poida dificultar o bo funcionamento do servizo.*
- 8. A indicar por escrito quen son as persoas autorizadas a dispoñer das chaves, tanto dos despachos cedidos coma dos espazos comúns ós que foran autorizados.*
- 9. Aboarán ao Concello os danos que pola súa causa se produzan no inmovible.*
- 10. Serán por conta das entidades todos os gastos de consumo de teléfono, limpeza, fax, etc. e calquera outro que se produza no local que se lle asigne.*
- 11. Atender as instrucións que se diten pola Concellería de Participación Cidadá para garantir o bo funcionamento do Viveiro de Asociacións en relación co mantemento e conservación do inmovible.*

NOVENA: HORARIO DE FUNCIONAMENTO E VIXILANCIA

Entenderase como horario normal de funcionamento do centro, en día laborable de 10:00 a 13:00 horas e de 17:30 a 21:30 horas, de luns a venres e de 09:30 a 13:30 os sábados. Non obstante, o establecemento do mesmo queda supeditado aos horarios de apertura e peche establecidos pola Concellería de Participación Cidadá.

Sendo preceptiva a seguridade dos edificios públicos, a Concellería de Participación Cidadá establecerá tal servizo no horario correspondente ao funcionamento do centro.

Calquera actividade realizada fóra dos horarios establecidos anteriormente terá o carácter de extraordinaria e o servizo de vixilancia correspondente nese período serán aboados pola entidade organizadora.

O horario do Viveiro de Asociacións indicárase nun lugar visible e as entidades deberán abandonar os espazos 10 minutos antes do peche do equipamento.

DÉCIMA: UTILIZACIÓN DOS ESPACIOS COMÚNS

A utilización dos espazos de uso común, sala relacional e aula polivalente, canalízase a través da “Concellería de Participación Cidadá”, mediante a solicitude por escrito e conforme ao “Regulamento xeral de centros cívicos” que o Concello de Vigo aprobe con posterioridade.

Igualmente canalízase a través da Concellería de Participación Cidadá, o préstamo de material necesario para o desenvolvemento das distintas tarefas que queiran levar a cabo as entidades enclavadas no centro.

DÉCIMO PRIMEIRA: FOTOCOPIADORA

O acceso ao servizo de fotocopiadora realizarase mediante un código individual entregado a cada entidade e serán estas as encargadas do seu uso.

Os gastos de reprodución da fotocopiadora serán aboados mensualmente ao Concello de Vigo a partir do consumo realizado.

O importe da fotocopia virá regulado pola correspondente ordenanza fiscal reguladora das taxas por prestación de servizos-expedición de documentos.

DÉCIMO SEGUNDA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

A autorización da ocupación, uso e goce do espazo privativo asignado do “Viveiro de Asociacións” do Centro Cívico poderá declararse resolta previa tramitación do correspondente expediente administrativo e audiencia do interesado no seguintes casos:

- a) Por incumprimento das normas e obrigacións establecidas para as entidades usuarias nas presentes bases, regulamento de Participación Cidadá e Regulamento xeral de centros cívicos.
- b) No suposto de que as entidades dediquen o espazo asignado a fins alleos a ela.
- c) Por incumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal en período voluntario, entre os que se inclúen os gastos derivados da utilización do centro e os danos que se ocasionen ao inmovible no prazo que se lle outorgue para a súa subsanación.
- d) Cando expresamente renuncie quen o veña gozando.
- e) Cando a entidade non manteña o seu espazo coa limpeza e decoro necesario ou non coide debidamente da súa conservación e non respecte as normas de utilización dos espazos comúns.
- f) Pola falta de utilización do espazo durante seis días no período dun mes (non coincidente co período de vacacións) de forma continuada, ou de forma descontínua durante quince días nun período de tres meses. Para os efectos a entidade está obrigada a dar constancia ao responsable do equipamento do uso do espazo correspondente.
- g) O concello resérvase a facultade de suspensión temporal do uso polo prazo necesario ou extinción anticipada da autorización outorgada co aviso previo dun mes de antelación cando as necesidades de interese municipal prevalente así o esixan, sen que as mesmas xeren en ningún caso dereito a indemnización a prol das entidades usuarias

DÉCIMO TERCEIRA: PUBLICIDADE

Queda prohibida toda publicidade en todas as súas formas; luminosos, rótulos, carteis, etc..., así como a publicidade exterior.

O Centro Cívico gozará de sinalización interior, nos accesos ao recinto e en cada un dos espazos e terá carácter uniforme.

Todo acto de relevancia pública e social que requira especial publicidade estática, deberá contar para a súa instalación coa autorización da Concellería de Participación Cidadá.

En calquera caso, non poderá ser prexudicial para as restantes persoas usuarias do centro.

DÉCIMO CUARTA: LIMPEZA E ORNATO

As asociacións e entidades autorizadas coidarán da limpeza e mantemento en debidas condicións de ornato, tanto do espazo que teñan asignado, como das zonas comúns.

En xeral coidarán e serán responsables do bo uso do inmovible e das súas instalacións.

DÉCIMO QUINTA: RECOLLIDA DOS LIXOS

O traslado de lixos aos lugares sinalados para a recollida será efectuado por cada asociación e/ou entidade dentro do horario de funcionamento do Centro e en coordinación coa normativa xeral da zona. Cada local deberá estar dotado dos correspondentes envases para o almacenamento do citado lixo.

Respectaranse as normas xerais de almacenamento, depósito e traslado de lixo ata os lugares destinados para a recollida.

DÉCIMO SEXTA: COTAS DE COPARTICIPACIÓN

As entidades usuarias de cada despacho do “Viveiro de Asociacións” están obrigadas a pagar unha cota de coparticipación nos gastos do mantemento común do edificio, conforme á superficie ocupada e tendo en conta os coeficientes do Anexo 1.

O pago por ano natural da cota-parte derivada da repercusión dos gastos de electricidade, calefacción, limpeza e auga das zonas comúns e o mantemento corrente do local realizarase anual ou semestralmente, a solicitude da asociación adxudicataria. O aboamento da cantidade se realizará na primeira quincena do período correspondente, sobre a estimación de consumos e custos que se achega no Anexo 1 a estas bases, o cal será incrementado anualmente conforme ao IPC do ano anterior. Dito pagamento da cota-parte se realizará mediante domiciliación bancaria a favor do Concello de Vigo.

DÉCIMO SÉTIMA: TRASPASO OU CESIÓN DO USO DO ESPACIO CONCEDIDO

Queda totalmente prohibido o traspaso ou cesión do uso do espazo concedido a cada entidade ou asociación.

DÉCIMO OITAVA: EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN OU SUSPENSIÓN TEMPORAL

No caso de extinción ou suspensión temporal no uso do espazo concedido, a asociación beneficiaria porá a disposición do Concello o inmovible a través da Concellería de Participación Cidadá coa entrega das correspondentes chaves e a previa inspección e recepción do local polo servizo de Participación Cidadá.

Ao rematar o período de adxudicación, a entidade adxudicataria deberá entregar ao Concello de Vigo o inmovible en perfecto estado de uso, limpo e sen roturas nin modificacións de ningún tipo.

DÉCIMO NOVENA: CONSERVACIÓN E SEGURIDADE DO CENTRO

O Concello de Vigo non se responsabilizará da custodia dos materiais instalados ou almacenados nos respectivos despachos.

A adxudicataria dos espazos está obrigada a ter os permisos e licencias necesarias e a satisfacer cantos impostos, taxas e cotizacións lle correspondan legalmente.

Prohíbese terminantemente a almacenaxe de materiais perigosos, inflamables, tóxicos, explosivos, insalubres e en xeral todos aqueles que puidesen ocasionar risco ás adxudicatarias e público en xeral.

Non estará permitido o almacenaxe de materiais ou produtos nos corredores ou espazos comúns do inmovble.

A adxudicataria está obrigada a respectar todas as disposicións vixentes en relación á prevención de accidentes e incendios.

Queda prohibido danar as instalacións, así como a realización de calquera obra que supoña a modificación da configuración do inmovble ou calquera tipo de alteración nas súas instalacións.

O servizo de vixilancia e limpeza estarán baixo o control e supervisión dos Servizos Técnicos Municipais.

Calquera desperfecto ocasionado por negligencia das entidades adxudicatarias será aboada por estas. A contía do cargo por desperfectos e a súa xustificación serán establecidos polos Servizos Técnicos Municipais.

VIXÉSIMA: SEGUROS

A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de persoa usuaria da propiedade municipal, tendo en conta ao Concello coma un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ao local polos actos ou omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 60.101,21 €.

VIXÉSIMO PRIMEIRA: CONTROVERSIAS E TRIBUNAIS COMPETENTES

Corresponderalle ao Concello de Vigo a través da Concellería de Participación Cidadá exercer o control e cumprimento das presentes normas e esixir a adopción de medidas correctoras necesarias.

Calquera dúbida, cuestión ou diverxencia que xorda con motivo da aplicación das presentes normas ou distribución dos gastos e cargas comúns, será resolto en vía administrativa polo Pleno do Concello, o cal porá fin á vía administrativa sendo a xurisdición contenciosa a competente nesta cuestión.

CAPÍTULO II. BASES DO CONCURSO

VIXÉSIMO SEGUNDA: SOLICITUDES

Poderán solicitar autorización de uso de espazos privativos do “Viveiro de Asociacións” aquelas organizacións non lucrativas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións ca súa documentación actualizada, que desenvolvan actividades dentro do termo municipal.

A solicitude realizarase por escrito no modelo que se achega nestas Bases (Anexo 3) argumentando o motivo da petición e acompañando a seguinte documentación e información que deberá ser orixinal ou fotocopia debidamente cotexada:

- *CIF e DNI da persoa representante ou fotocopia compulsada.*
- *Número de socios, debidamente acreditado, en función de:*
 - *Núm. de persoas asociadas (cota individual).*
 - *Núm. de colectivos ou entidades asociadas.*
- *Antigüidade da asociación (debidamente acreditada).*
- *Ámbito da entidade (local, provincial, autonómica ou estatal).*

- *Certificado dos datos bancarios.*
- *Documentos que acrediten atoparse ao corrente de todas as obrigas fiscais e coa Seguridade Social:*
 - *Certificado expedido pola Tesourería municipal do Concello de Vigo.*
 - *Certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
 - *Certificado expedido pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.*
 - *Certificado expedido pola Tesourería territorial da Seguridade Social.*
- *Preferencia motivada da localización do despacho indicando se é o caso, a posible opción de compartilo con outra asociación.*
- *Memoria 2006, incorporar a seguinte información:*
 - *Relación de actividades levadas a cabo pola asociación, que desenvolven dentro do termo municipal.*
 - *Grao de cumprimento dos obxectivos e metas.*
 - *Adecuación da memoria ao proxecto presentado.*
 - *Presuposto executado e fontes de financiamento (relación de axudas que reciba tanto públicas como privadas).*
 - *Relación daquelas actividades levadas a cabo, que traten problemáticas actuais de interese xeral e de ámbito e repercusión directa na cidade.*
 - *Relación de actividades realizadas en colaboración co Concello de Vigo.*
 - *Relación de actividades levadas a cabo en colaboración con outras asociacións.*
- *Programa anual 2007, incorporar a seguinte información:*
 - *Número de programas, accións e actividades a desenvolver dentro do termo municipal.*
 - *Definición de obxectivos e adecuación das actividades ós obxectivos.*
 - *Metodoloxía.*
 - *Indicadores-evaluación.*
 - *Presuposto por programas e fontes de financiamento (relación de axudas tanto públicas como privadas).*

VIXÉSIMO TERCEIRA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, que achegarán en sobre pechado a documentación e información mencionada, dirixiranse á Concellería de Participación Cidadá, co seguinte texto: “Solicitud de utilización de espazo no Viveiro de Asociacións”.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo de quince días hábiles, contados dende a publicación da convocatoria no Boletín oficial da provincia. Así mesmo, insertarase anuncio na prensa local.

VIXÉSIMO CUARTA: EXPOSICIÓN PÚBLICA E CONSULTA DO EXPEDIENTE

As persoas interesadas poderán consultar e presentar reclamacións ao prego das presentes bases por escrito vía Rexistro Xeral do Concello, planta baixa da Casa do Concello, Praza do Rei, Vigo, durante o prazo de 8 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio no Boletín oficial da provincia.

VIXÉSIMO QUINTA: RECEPCIÓN DE SOLICITUDES

A Secretaría Xeral expedirá certificado no que conste a relación de solicitantes, unha vez rematado o prazo de presentación.

No caso de que na documentación presentada se observaran defectos corrixibles, concederase un prazo non superior a dez días para que o solicitante arranxe o erro.

VIXÉSIMO SEXTA: ASIGNACIÓN DE ESPAZOS E AUTORIZACIÓN DE USO (PRIVATIVO E COMÚN)

A Concellería de Participación Cidadá poderá requirir, con carácter anterior á resolución da documentación complementaria que considere oportuna.

Os servizos técnicos da Concellería de Participación Cidadá examinarán as solicitudes e documentación presentadas e formularán proposta definitiva á concelleira de Participación Cidadá a cal levará proposta á Xunta de Goberno Local, que resolverá ao respecto.

Non se adjudicará máis dun espazo a cada solicitante e poderá ser individual ou compartido.

VIXÉSIMO SÉTIMA: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación dos espazos realizarase en función da maior valoración segundo o seguinte baremo de méritos:

1.- Número de socios. Ata 6 puntos

A súa finalidade é conseguir que as asociacións animen, na medida das súas posibilidades, ao resto da poboación de Vigo a asociarse e compartir os seus obxectivos, considerando o número de persoas asociadas (cota individual), así como os colectivos ou entidades asociadas.

2.- Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 6 puntos

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.

- *O orzamento de ingresos e gastos da entidade para a programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.*

3.- Ámbito da entidade. Ata 4 puntos.

Valorarase considerando o carácter local, autonómico, provincial ou estatal.

4.- Grado de implicación nas actividades do Centro. Ata 10 puntos

Valorarase o grado a colaboración nas actividades propias do Centro, considerando a organización propia e o grado de participación dos seus socios e/ou directivos da asociación.

5.- Valoración da Memoria do ano 2006. Ata un máximo de 6 puntos.

A súa finalidade é potenciar o avance na calidade dos programas desenvolto no termo municipal, así como o maior nivel de xestión e administración acadado pola organización. A súa valoración cuantitativa e cualitativa realizarase en función do número de actividades realizadas na cidade, orzamento total executado, grao de cumprimento de obxectivos e metas, adecuación da memoria, beneficiarios e usuarios.

6.- Valoración do Programa anual para 2007. Ata 6 puntos.

A súa finalidade é potenciar e valorar as actividades que teñan obxectivos dirixidos a elevar o nivel de benestar social da poboación e o seu desenvolvemento conleve un maior esforzo na realización da actividade, convocatoria de público, etc. A tal fin a valoración cuantitativa e cualitativa realizarase en función do número de actividades realizadas na cidade, custo dos programas e proxectos en relación coas actuacións a levar a cabo e o número de beneficiarios potenciais do mesmo. Definición de obxectivos e adecuación das actividades os obxectivos, metodoloxía desenvolto e proceso de avaliación e indicadores aplicados.

7.- Grado de financiamento externo da asociación. Ata 6 puntos.

A súa finalidade é valorar a capacidade de cada asociación para acadar financiamento por outros medios que non sexan axudas públicas, tentando camiñar hacia un grao maior de autofinanciamento das asociacións, valorando o autofinanciamento do programa anual de 2006 a través da memoria e sobre presuposto executado e o % de autofinanciamento do programa anual para o 2007.

8.- Outras circunstancias para valorar. Ata 6 puntos.

A súa finalidade é axustar descompensacións que poidan existir pola variedade das asociacións e primar aquelas actividades que impliquen máis traballo e que sexan de máis difícil participación:

8.1.- Actividades de interese xeral o cidadán, que traten problemáticas actuais de ámbito e repercusión directa na cidade.

8.2.- Actividades en colaboración có Concello de Vigo

8.3.- Actividades en colaboración e coordinación con outras organizacións sociais.

As solicitudes de utilización de espazo no Viveiro de Asociacións serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

Presidenta: A delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá

Vogais: Os técnicos do servizo de Atención e Participación Cidadá.

Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación das solicitudes establecerá na súa primeira reunión os baremos mínimos e máximos dos criterios establecidos na presente base, en consideración aos datos aportados na totalidade das solicitudes presentadas, e analizará os mesmos xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo

VIXÉSIMO OITAVA:

As entidades que resulten autorizadas para a utilización do “Viveiro de Asociacións” conforme as presentes bases, quedarán obrigadas igualmente polas “Regulamento xeral de centros cívicos” para o uso dos espazos comúns que o Concello aprobe.

ANEXO 1

ESTIMACIÓN DE CUSTOS

1.- Custo final do edificio: segundo a acta do Pleno de 27.05.2002 820.483,59 €

2.- Estimación de custos do mantemento corrente do edificio:

<u>CONCEPTO</u>	<u>CUSTO/ANO</u>
Limpeza	14.063
Conserxería	14.625
<u>CONCEPTO</u>	<u>CUSTO/ANO</u>
Lixo	128
Consumo de auga	155
Mantemento corrente	8.205
Mantemento do elevador	2.649
Consumo eléctrico	7.938
Mantemento eléctrico	746

TOTAL	48.509
-------	--------

- A estimación dos custos de limpeza e conserxería realizouse tendo en conta os orzamentos que se achegan ao expediente descontando a superficie que ocupa A.VV. Casco Vello nas plantas semisoto e baixa.
- O custo de lixo realizouse sobre o importe da taxa municipal vixente.
- O custo de auga realizouse sobre a estimación do consumo medio.
- O custo de mantemento corrente do inmovible, maquinaria e instalacións realizouse sobre a estimación do 1% do custo final do edificio.
- O custo do mantemento do elevador realizouse sobre o presuposto da empresa ThyssenKrupp Elevadores que se achega ao expediente.
- O custo do consumo e mantemento eléctrico realizouse sobre a estimación do consumo anual segundo o informe do Servizo de Electromecánicos que se achega ao expediente.

3.- Cotas de Coparticipación:

LOCAL		SUPERFICIE UTIL M2	COEF.COPARTIC. %	IMPORTE ANO	BONIFICACIÓN %	TOTAL ANUAL	TOTAL MES	TOTAL SEMSTR
P.Semisoto	A.VV. Casco Vello	172,95	30,14	-	-	-	-	-
P.Baixa	A.VV. Casco Vello	19,95	3,48	-	-	-	-	-
P.Primeira	Centro Municipal Internet - Concello de Vigo -	30,8	5,37	3.924	50%	1.962	164	981
“	Despacho A	11,46	2,00	1.462	50%	731	61	366
“	Despacho B	8,55	1,49	1.089	50%	544	45	272
LOCAL		SUPERFICIE UTIL M2	COEF.COPARTIC. %	IMPORTE ANO	BONIFICACIÓN %	TOTAL ANUAL	TOTAL MES	TOTAL SEMSTR
P.Segunda	Despacho C: Asociación Mulleres Malos Tratos	23,58	4,11	3.004	50%	1502	125	751
“	Despacho D: Asociación Legais	13,94	2,43	1.776	50%	888	74	444

“	Despacho E + E´	21,71	3,78	2.762	50%	1381	115	691
“	Despacho F: Vigo Vello	20,06	3,50	2.558	50%	1.279	107	640
P.Baixa/ 1º/2º	Espazo Común - Concello de Vigo -	250,80	43,70	31.935	50%	15.967	1.331	7.984

	Espazos ofertados
--	-------------------

ANEXO 2

INVENTARIO MOBLAXE CENTRO CÍVICO “CASCO VELLO”

- 82 Uds. de cadeira, con carcasa de madeira de faia vernizada de 11 mm con patas en cromado, con posibilidade de acople de atril abatible.
- 48 Uds. de idem idem idem sen posibilidade de acople atril abatible.
- 9 Uds. de cadeira con rodas, sen brazos, elevable a gas, con respaldo regulable en altura.
- 34 Uds. de cadeira confidente, fixa e sen brazos, con asento e respaldo, tapizado.
- 4 Uds. de cadeira de brazos con estrutura en madeira de faia, asento e respaldo tapizado.
- 5 Uds. de cadeira de brazos con asento e respaldo, tapizado, brazos e patas de madeira de faia.
- 2 Uds. de bancadas de 3 asentos en contrachapado de faia, vernizado natural, con base acabado en cromo.
- 5 Uds. mesa pregable, con pés de tubo de ferro, cromado, sobre aglomerado de 19 mm., acabado en melamina, con canto en PVC.
- 5 Uds. mesa para oficina de 140x80 con á auxiliar de 97x55. Acabados en melamina faia clara, con caxoneira de 4 caixóns.
- 4 Uds. mesa de 130 de diámetro, realizada en melamina, acabada en faia clara, con pé central en faia.
- 4 Uds. mesa de 110x70 con sobre en estratificado, canteado en bordón negro e patas, acabados en cromado.
- 1 Uds. mesa con mostrador de 120x80 con caxoneiras de 3 caixóns, acabadas faia.
- 7 Uds. mesa con base redonda en negro e columna central en cromado. Encimeira de 70x70 de 40 mm con cantos de faia vernizada.
- 5 Uds. mesa de centro de 110x60x41 con patas e sobre en madeira de faia.
- 2 Uds. mesa de 120x80 con sobre en tableiro contrachapado de faia vernizada, en cor teca e patas metálicas, acabadas en cromado, incluso pezas de unión.

- 1 Uds . mesa para soportar televisión e vídeo.
- 2 Uds. mesa de xuntas de 116 milímetros, acabada en melamina faia.
- 2 Uds. mesa de 120x80 con sobre estratificado e patas, acabadas en cromado
- 1 Uds. mesa para proxector móbil, con 4 rodas e regulable en altura.
- 3 Uds. andel de 118x48x154 con porta corredeira de persiana,acabadas en melamina faia.
- 4 Uds. andel de 95x42x198, acabadas en cor faia ,con portas baixas.
- 1 Ud. andel de 95x40x198, acabada en cor faia e con 5 andeis.
- 10 Uds. andel de 180x90x30, realizada en ferro, e con 5 andeis.
- 10 Uds. andel de 95x42x143 con portas e con 3 estantes, acabadas en melamina faia.
- 4 Uds. andel de 95x42x73 con 2 portas abatibles e estante intermedio, acabada en melamina faia.
- 3 Uds. andel con 2 arquivos telescópicos de 95x42x73, acabadas en melamina faia.
- 4 Uds. andel de parede, realizada en taboleiro DM lacado en cor a elexir, segundo decoración de 125x30.
- 1 Uds. taboleiro de corcho de 90x120 con marco de aluminio anodizado.
- 1 Uds. pizarra branca magnética, con superficie de aceiro vitrificado de 100x150, de plástico, con soporte móbil de 4 rodas e regulable en altura.
- 39 Uds. atril de escritura, abatible e desmontable, pá en madeira de faia.
- 2 Uds. retroproxector de sobremesa. para sala mediana.
- 1 Ud. vídeo-proxector resolución ata XGA, luminosidade 800/1000 lúmenes e lámpada.
- 1 Ud. monitor de TV de 29" pantalla plana, sonido virtual Dolby, estéreo, teletexto e mando a distancia.
- 1 Ud. vídeo de 6 cabezais VHS/DVD con mando a distancia, compatible con Canal Plus.
- 6 Ud. Ordenadores sobremesa
- 1 Lector-gravadora externa USB
- 2 Ud. Impresora laser monocromática A4
- 1 Ud. Impresora laser color A4.

ANEXO 3

(Segundo modelos que figuran no expediente)

3.1. Solicitude do espazo no Viveiro de Asociacións.

3.2. Certificados.

3.3. Memoria 2006. Proxecto Anual 2007.

12(1401).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA A RECONSTRUCCIÓN DO COLEXIO ALEMÁN DO CENTRO CÍVICO NA BOUZA-COIA. EXPTE. 1071/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.09.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 8.09.06, conformado pola delegada do Goberno na Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 25.000 euros euros para a prestación da asistencia técnica para redacción do proxecto de execución para a reconstrucción do antigo "Colexio Alemán" para centro cívico na Bouza-Coia que se imputarán á partida presupuestaria 4631 2270601 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da asistencia técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica de Redacción do proxecto de execución para a reconstrucción do antigo "Colexio Alemán" para centro cívico na Bouza-Coia.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

13(1402).- PROPOSTA DE ALLEAMENTO DE 158 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 1470/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 11.10.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e o concelleiro de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 158 vehículos que se atopan no depósito, solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumpri-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- O prezo mínimo será de 13.427 euros, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

14(1403).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 2422/445.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 5.10.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, polo concelleiro da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 21-06-2004 se adxudicou a Cepsa Comercial Galicia, S.A. a subministración de gasolina e gasóleo A e C para o parque central de servizos por un período de dous anos.

No prego de condicións técnicas establecíase como cantidade máxima prevista para a subministración no ano 2006 a de 220.000 euros.

De acordo co informada polo xefe do Parque Móbil a cantidade soicitada para a anualidade do ano 2006 quedou escasa debido a que os prezos unitarios dos combustibles están a ter un forte crecemento durante o ano (0,89 euros/litro en xaneiro) e son máis altos que os que se preveron no momento de iniciar o ano de contratación, e xa en xuño pagouse o litro a de gasoleo a 0,96 euros.

A modificación do contrato, neste caso a ampliación do importe máximo debido a desviación do prezo do combustible, é posible de acordo co artigo 101 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas. No caso que nos ocupa atopámonos no suposto de unha causa imprevista xa que o aumento do prezo do combustible non podía ser prevista no momento que se redactou o prego de condicións técnicas.

Na partida 121.2.221.03.00 existe crédito para afrontar-lo aumento do prezo do contrato.

Por iso, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Modificar o contrato de subministración de de gasolina e gasóleo A e C para o parque central de servizos do concello de Vigo, adxudicado a Cepsa Comercial Galicia, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local de 21-06-2004, no sentido de incrementar en 17.400 euros a anualidade do ano 2006. O gasto con cargo á partida 121.2.221.03.00 do presuposto actual .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1404).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN BEIRARRÚAS DA TRAV. DE VIGO E HUMANIZACIÓN DA CRUZ BLANCA. EXPTE. 49617/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 9.10.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Movexvial, S.L.. a execución das obras do lote 1 “Remodelación beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo” e lote 2 “proxecto de humanización da rúa Cruz Blanca” Expte. 49617/250 por uns importes respectivos de 893.598 euros e 226.250 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17.07.2006 e a oferta presentada.

16(1405).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO. EXPTE. 2438/113.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 10.10.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Rexeitar a oferta de Royal Ofi, S.L. por presentar só 20 consumibles orixinais fronte os 70 solicitados no anexo ó prego de prescricións ns técnicas.

2º.- Adxudicar a Productos de Oficina e Informática, S.A. o concurso para a contratación do suministro de material consumible informático. Expte. 2438/113, por un importe máximo de 39.942,94 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 24-076-2006 e a oferta presentada.

17(1406).- ADXUDICACIÓN DO ALLEAMENTO DE 389 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL PARA CHATARRA. EXPTE. 1302/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 2.10.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Desguaces Gil, S.L. o alleamento de 389 vehículos do Depósito Municipal para chatarra así como outros materiais depositados no Parque Central de Servizos do Concello de Vigo, Expte. 1302/241 polos importes seguintes: para os 389 vehículos a cantidade de 31.570 euros, para a chatarra de aluminio 500 euros/tonelada, para a chatarara en xeral, incluída a de fundición 200 euros/tonelada., todo iso de acordo coas condicións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 17-07-2006 e a oferta presentada.

<u>Matrícula</u>	<u>Marca e Modelo</u>
EXPEDIENTE : 2 / 1998	
PO-9069-G	EBRO
PO-6775-J	SEAT 127
PO-1411-U	VOLKSWAGEN SIROCO
EXPEDIENTE : 4 / 2001	
C-4456-AF	FIAT REGATA
TF-2694-Y	OPEL KADETT GSI 2.0
EXPEDIENTE : 5 / 2001	
PO-6748-V	SEAT FIAT PANDA
PO-6577-AN	RENAULT EXPRESS
VIG-3723	VESPINO EXPL
EXPEDIENTE : 6 / 2001	
M-5024-LZ	CITROEN ZX AVANTAGE
PO-9493-Z	V.W. POLO CLASSIC
PO-5450-AD	GME RASCAL
EXPEDIENTE : 9 / 2001	

0346-BCW
B-6825-GV
C-2430-BG
C-7216-BG
PO-7535-AS
PO-2880-AU
PO-9486-AW

OPEL ASTRA G
YAMAHA FJ
PEUGEOT 306 XR
RENAULT R-19 1.9 D
CITROEN ZX
VESPA SKIPPER
RENAULT CLIO 1.9

EXPEDIENTE : 1 / 2003

C-5370-AB
PO-5550-Z

SEAT TRANS
HONDA NSR

EXPEDIENTE : 3 / 2004

PO-9385-AL

LANCIA Y10 FIRE

EXPEDIENTE : 4 / 2004

C-5467-BNY
PO-3909-AD
PO-0463-AN

MBK CS 50 Z
CITROEN BX TRD
RENAULT CLIO 1.8

EXPEDIENTE : 7 / 2004

PO-9502-AS

CAGIVA PRIMA 75

EXPEDIENTE : 8 / 2004

PO-2186-AL
PO-5541-BL

FIAT TIPO
PEUGEOT 405 GRDT

EXPEDIENTE : 9 / 2004

C-0680-BGN
PO-9182-BB

PIAGGIO VESPA 50 CAR
YAMAHA TZR 80 RR

EXPEDIENTE : 1 / 2005

405382095
MOTOCICLO
C-2187-BBH
C-2465-BBN
C-1820-BDJ
C-4599-BDM
C-9798-BDS
C-3840-BFX
C-2836-BGF
C-9806-BGF
C-0750-BGN
C-4927-BHP
C-3800-BHV
C-6922-BKD
C-5610-BKS
C-2801-BLM
C-4720-BLZ
C-8723-BMD
C-4127-BMN
C-5950-BMY

BICICLETA
OTROS
YAMAHA CY 50 R
GILERA RUNNER 50
APRLIA SONIC 50
YAMAHA YA 50 S
PIAGGIO ZAP C04
YAMAHA YA 50 S
PEUGEOT ELYSEO 50
PIAGGIO ZIP BASE MY
APRILIA SR 50 AGUA
PIAGGIO MC2 98
YAMAHA YQ 50
PEUGEOT BUXY
GILERA RUNNER 50 DD
PIAGGIO TYPHOON
RIEJU FIRST
YAMAHA CY 50 R
YAMAHA CY 50 R
APRILA SONIC 50

C-5955-BPP	MALAGUTI PHANTOM
CR-2568-K	NISSAN TRADE
GC-5329-AM	SEAT IBIZA
IB-9723-AL	SEAT MARBELLA
M-2741-GC	OPEL CORSA 1.2
M-0716-IB	VOLKSWAGEN GOLF 1.8
M-0012-JN	CITROEN AX 11 TRE
M-6983-KT	VOLKSWAGEN POLO
M-7737-MD	CITROEN AX 11 TRE
M-4946-MM	SEAT IBIZA
M-4137-MX	FIAT CROMA TDS
M-8260-XC	SEA CORDOBA 1.9
PO-0775-T	RENAULT R-9 TSE
PO-1388-X	CITROEN BX 14 E
PO-9185-Y	OPEL KADETT GSI
PO-5219-AB	RENAULT R-11 GTL
PO-1415-AC	PEUGEOT 405 1.9
PO-0644-AH	OPEL KADETT 1.6
PO-9500-AH	RENAULT R-19
PO-0943-AJ	FORD ORION 1.6 I
PO-4333-AJ	RENAULT R 19 TSE
PO-7801-AJ	RENAULT R-19 TSE
PO-8515-AK	FORD ESCORT 1.6
PO-4180-AL	OPEL KADETT 1.4
PO-4581-AL	RENAULT R-EXPRESS
PO-7807-AL	FIAT TIPO 1.6
PO-1815-AM	VOLVO
PO-0716-AP	FORD COURIER 1.8 D
PO-3677-AP	RENAULT CLIO 1.2
PO-3492-AS	SEAT IBIZA 1.2
PO-8437-AS	CITROEN ZX 1.8
PO-0496-AT	NISSAN VANETTE
PO-2495-AT	RENAULT R21
PO-4484-AU	FIAT TALENTO FURGON
PO-3605-AX	VOLKSWAGEN GOLF GTI
PO-7382-AY	FIAT TEMPRA 1.9
PO-4865-BC	SEAT IBIZA 1.4
PO-9351-BP	ROVER R.45 2.0D

EXPEDIENTE : 2 / 2005

009940	HONDA VISION
156093	PIAGGIO ZIP
E004142	HONDA SFX
SIN NADA	MOTO FEBER 05I03419
PLACAS FALSAS	V.W. GOLF 05I04022
71-54-BN	VOLKSWAGEN POLO
2793-BRH	APRILIA RS 125
B-1409-MF	MERCEDES BENZ 120
B-6953-TH	MERCEDES BENZ 300
BA-7474-H	OPEL CORSA TR 1.2
C-0970-AC	VESPA IRIS 200
C-8628-AC	VOLKSWAGEN CLASSIC
C-3823-BBL	DERBI GPR 50 R
C-1995-BBN	YAMAHA TZR
C-5669-BBS	GILERA C14
C-5810-BBS	PIAGGIO ZIP AGUA
C-6216-BBS	YAMAHA CY 50 R
C-9175-BDM	PIAGGIO NRG GL AGUA
C-3328-BDR	YAMAHA YA 50 S

C-9171-BDT
C-6202-BFD
C-6287-BFD
C-6333-BFD
C-7150-BFT
C-7167-BFT
C-3978-BFX
C-9676-BGF
C-4622-BGX
C-2383-BHF
C-3779-BHV
C-6498-BHX
C-4745-BKB
C-2819-BLJ
C-5679-BLN
C-0202-BLP
C-9679-BLS
C-8161-BMH
C-9507-BMS
C-7033-BRL
CC-4906-J
IB-2753-AY
M-9195-EJ
M-1147-FW
O-5381-X
OU-6074-O
PO-1220-K
PO-2431-S
PO-9621-U
PO-6841-V
PO-3302-W
PO-8831-Y
PO-6232-Z
PO-9513-AB
PO-8653-AC
PO-8099-AD
PO-2252-AF
PO-0508-AG
PO-4821-AG
PO-5459-AG
PO-9741-AG
PO-5309-AK
PO-6702-AK
PO-9108-AK
PO-3705-AL
PO-9399-AN
PO-1674-AT
PO-9224-AT
PO-6579-AW
PO-9915-AW
PO-3103-AX
PO-4041-AZ
PO-8382-BC
PO-5185-BG
PO-0094-BJ
PO-1691-BL

GILERA RUNNER
APRILIA RALLY 50
PIAGGIO NGR F L AGUA
PIAGGIO MC 2 - 98
PEUGEOT SPEEDFIGHT
YAMAHA YA 50 F
APRILIA SR 50 H 20
YAMAHA CY 50 R
VESPINO ALX
LIGIER AMBRA GLS
YAMAHA CY 50 R
MALAGUTI PHANTON
PEUGEOT SPEEDFIGHT
MOTOR HISPANIA
KYMCO DINK 50 LC
HONDA SFX 50
PIAGGIO TYPHOON 50
YAMAHA CY 50 R
PIAGGIO TYPHOON
YAMAHA CS 50
SUZUKI GSX 600 F
CITROEN AX
FORD FIESTA 957
CITROEN BX 19 TRD
MERCEDES BENZ 280
CITROEN ZX 1.9 D
SEAT 131 1600
RENAULT R-14 GTL
RENAULT R-11 TSE
FORD ESCORT 1.1
FORD FIESTA 1 3
SEAT IBIZA 1.2
RENAULT 21 GTD
FORD ORION
RENAULT 11 TSE
CITROEN AX 1.1 TRE
FORD SIERRA 2.0
OPEL CORSA 16 I
OPEL CORSA 1.2 S
CITROEN BX TURBO
FORD FIESTA 1.1
PEUGEOT 309 GLD
OPEL KADETT 1.7 D
CITROEN AX VOLCANE
PEUGEOT 309 LOOK
FORD ESCORT 1.8
PEUGEOT 106 XRD
VESPA SKIPPER 125
PEUGEOT 106
PEUGEOT 205 MITO
PIAGGIO TYPHOON 80
FIAT CINQUECENTO ED
ROVER 214 SI
FORD FIESTA 1.6
SEAT CORDOBA 1.9 D
PEUGEOT 306 5P

EXPEDIENTE : 3 / 2005

04IN58

COMPRESOR

58T-010626
783-AYN-06
CARECE
S/ELLA
UI-03-80
BSC10AS61001119
ZAPC04000*00068
B-6172-IT
C-9559-BBY
C-7707-BDN
C-3324-BDR
C-6988-BDX
C-6993-BDX
C-3846-BFX
C-2674-BGF
C-7394-BGG
C-0325-BGR
C-7682-BHM
C-4748-BJK
C-5677-BJP
C-5191-BJW
C-5646-BKS
C-5682-BLN
C-9671-BLS
C-1802-BLX
C-8385-BMC
C-2921-BNV
C-7403-BNW
C-6470-BPH
C-1827-BPW
C-1835-BPZ
LE-2957-T
M-9513-FM
M-2226-IC
O-7029-AM
PO-4782-V
PO-9646-X
PO-9809-X
PO-6441-Y
PO-0522-AB
PO-4805-AB
PO-7479-AB
PO-0870-AC
PO-2644-AC
PO-3110-AG
PO-6469-AH
PO-3081-AJ
PO-3963-AJ
PO-5533-AK
PO-1493-AN
PO-5424-AN
PO-3742-AP
PO-0847-AS
PO-0445-AT
PO-8773-AT
PO-9792-AX
PO-7309-AZ
PO-4311-BM
PO-7343-BT
SS-1138-AF

YAMAHA
RENAULT EXPRESS
PEUGEOT SV 05S05997
YAMAHA - 05S06141
FORD ORION
KYMCO SCOUT 05006077
PIAGGIO - 05S05258
VOLKSWAGEN GOLF 1.8
YAMAHA YN 50 R
HONDA SFX 50
PIAGGIO NRG F L AGUA
YAMAHA CW 50 RSX
PIAGGIO ZIP BASE-MY
PIAGGIO TYPHOON
PIAGGIO ZIP AGUA
ITALJET FORMULA 50
PIAGGIO NRG F L AGUA
PIAGGIO TYPHOON 50
HYOUNG SUPER CAB
APRILIA AMICO
DAELIM MESSAGE MSG
PEUGEOT SQUAB
PIAGGIO TEC 2 T
PIAGGIO ZIP AGUA
DERBI VARIANT REVO
SUZUKI AY 50 WRK1
YAMAHA CY 50
VESPA ZIP
YAMAHA YN 50
DERBI GP 1
PEUGEOT VIVACITY 2
NISSAN TRADE
YAMAHA SR 250
OPEL KADETT 1.6 D
FIAT UNO 1 3 SX
PEUGEOT 205 GR
FORD ESCORT 1 3
RENAULT R-11 GTL
FIAT REGATA 70
FORD ORION 1.6
CITROEN AX 1.4 TZS
RENAULT R-5 GTX
CITROEN BX 16 TRS
CITROEN BX 19 TRD
OPEL CORSA 1.2
OPEL CORSA TR 1.2 S
LANCIA Y 10 FIRE
SEAT IBIZA 1.2
CITROEN AX VIVACE
FORD SIERRA 18 TD
SEAT TOLEDO 1.6
VOLKSWAGEN GOLF 1.4
RENAULT EXPRESS 1.1
RENAULT R 19 1.4
RENAULT EXPRESS 1.1
RENAULT R-19 1.9 D
CITROEN C 15 D TOP
RENAULT MEGANE
PEUGEOT 205 GTI
SEAT IBIZA 1 5

VIG-4756
VIG-9785

PEUGEOT FE - 051
PEUGEOT BUXY

EXPEDIENTE : 4 / 2005

PO-9167-AJ

VOLKSWAGEN POLO

EXPEDIENTE : 6 / 2005

0004403
000476
BA1751063
BICICLETA
BICICLETA
BICICLETA
CARECE
MINI MOTO
MINIMOTO
MINIMOTO
MINIMOTO
MINIMOTO
MINI-MOTO
MINI-MOTO
S IDENTIF
SCA-383247
SIN NAADA
SIN NADAA
V-134358
7200-BCH
0502-CHC
AV-7698-G
B-7722-WV
C-4057-BBL
C-2172-BBN
C-0502-BCG
C-2273-BCM
C-3195-BDR
C-0791-BDT
C-2893-BDZ
C-2091-BFN
C-8901-BFZ
C-5449-BGC
C-0748-BGZ
C-4194-BHK
C-4935-BHP
C-6588-BJJ
C-5095-BJW
C-2590-BKG
C-7582-BKH
C-3619-BKK
C-3346-BKL
C-9050-BKZ
C-7856-BLG
C-0686-BMV
C-1357-BNN
C-6746-BPV
GC-5774-AF
GC-1418-AJ
LU-5570-N
M-5073-LT

VESPINO DELTA
PIAGGIO BLANCA
FORD SIERRA
MTB GRANATE 05S06713
MAVERI AZUL 05S07214
BOOMERANG 05S08479
KYMCO DINK 05I07899
AZUL - 05I06403
AZUL BLANCA 05I07041
ROJA BLANCA 05I07040
ROJA BLANCA 05I07042
AZUL ROJA 05I06497
VERDE 05I06874
AZUL 05I07229
ROJA 05I06623
VESPINO
BLCA / NARANJA 05I06848
ROJA BLANCA 05I06849
DERBI VARIANT
MERCEDES BENZ 190
FORD ESCORT TD
NISSAN 100 NX
CITROEN C-15
DAELIM MESSAGE MSG50
VESPA ZIP
YAMAHA YN 50
PEUGEOT FOX
SUZUKI AY 50
PEUGEOT BUXY SPEEDAKE
YAMAHA TZR 50
YAMAHA CY 50 R
PIAGGIO ZIP BASE-MY
PIAGGIO ZIP BASE MY
PIAGGIO ZIP BASE MY
YAMAHA TN 50 R
PIAGGIO ZIP AGUA
KYMCO SUPER 9
SUZUKI AP 50
DERBI ATLANTIS
HONDA SFX 50
PIAGGIO ZIP AGUA
HONDA SFX 50
DERBI ATLANTIS
PGO BIG MAX 50
PIAGGIO ZIP BASE-MY
APRILIA RALLY 50
KYMCO VITALITY
V.W. GOLF 1.8
OPEL CORSA 1,2 S
YAMAHA FZR 600
VOLKSWAGEN POLO

M-2398-TX
O-3723-Y
PO-9246-J
PO-2833-O
PO-1911-P
PO-3227-W
PO-5126-W
PO-5152-AB
PO-7922-AB
PO-9463-AB
PO-1037-AD
PO-3180-AF
PO-4086-AF
PO-1258-AH
PO-1855-AH
PO-7493-AH
PO-3862-AJ
PO-9048-AK
PO-6998-AL
PO-2380-AM
PO-7559-AM
PO-8210-AN
PO-5112-AP
PO-2621-AS
PO-2811-AU
PO-8072-AU
PO-8337-AV
PO-5241-BC
PO-5694-BC
PO-0286-BG
PO-7102-BG
V-4287-AX
VIG-5982
ZA-8972-E

SEAT CORDOBA 1.6
TALBOT SOLARA LS
RENAULT R 5 TSE
SEAT FIAT PANDA 45
FORD FIESTA 957
VOLKSWAGEN GOLF 1.6
OPEL KADETT 1.8 I
CITROEN AX 14 TRS
RENAULT R11 GTD
MERCEDES BENZ MB120
PEUGEOT 405
VOLKSWAGEN PASSAT
FIAT 70 CONFORT
ROVER 216 S
RENAULT R 21 GTX
OPEL KADETT 1.6
CITROEN C-15
CITROEN BX TZD
FORD ORION 1,6
YAMAHA 3YG
FORD ORION 1.6
VOLVO 445
CITROEN AX 11
FIAT UNO
SEAT MARBELLA
MERCEDES BENZ
FORD FIESTA 1.1
CITROEN ZX 1.9 TD
PEUGEOT 309 1.9
PEUGEOT 205 GRD
PEUGEOT 205 D
FORD ESCORT 1 6
SUZUKI MAXI – EL
FORD ESCORT 1.6 D

EXPEDIENTE : 8 / 2005

EXPTE- 05S09140
0302615
030802BICI
503160376
5807218
E-282625
SIN PLACAS
8049-BJY
A-3708-DX
B-7253-MB
C-6287-BBC
C-6258-BBK
C-9497-BBY
C-5268-BCK
C-4005-BDH
C-9391-BDJ
C-9287-BDT
C-7005-BFV
C-7978-BGN
C-3341-BGV
C-0364-BHB

RIEJU NEGRA / ROJA
MOTO LC SCOOTER
IRON TRACK OLUTION
MINIMOTO
PUCH CONDOR
DERBI VARIANT
FORD FIESTA 05S10457
MERCEDES 250 D
NISSAN VANETTE
FIAT TEMPRA 1.8
APRILIA SCARABEO
HONDA SFX 50
YAMAHA YQ 50
HONDA SFX 50
PIAGGIO ZIP BASE MY
VESPA ZIP SPORT
PIAGGIO TYPHOON 50
KYMCO DINK 50
YAMAHA CW 50 RS
DAELIM MESSAGE MSG50
PIAGGIO NRG F L AGUA

C-0203-BHG
C-4233-BHK
C-3544-BHL
C-3017-BJB
C-5074-BJW
C-3055-BKH
C-1680-BKC
C-7874-BLK
C-4111-BMN
C-8296-BNC
C-2991-BPG
C-1082-BPK
C-5501-BPK
LU-8279-O
M-9972-HS
M-0491-IC
M-7177-KM
M-5818-ND
M-5564-UN
OU-3677-H
PO-4259-U
PO-5516-W
PO-6024-Y
PO-9271-X
PO-0578-Z
PO-5156-AC
PO-8274-AC
PO-2213-AD
PO-7837-AG
PO-7469-AH
PO-9343-AH
PO-9551-AH
PO-3341-AJ
PO-2004-AN
PO-3823-AN
PO-5003-AP
PO-3673-AV
PO-5122-AV
PO-6257-AV
PO-8245-AW
PO-9489-AZ
PO-9573-AV
PO-0839-BD
VA-1884-W
VIG-7693

APRILIA SR 50 AGUA
APRILIA SR 50 H2O
YAMAHA CY 50
SUZUKI ADDRESS 50
YAMAHA CY 50 R
GILERA RUNNER 50 DD
HONDA SFX 50
KYMCO BET WIN 50
KYMCO SUPER 9
APRILIA SR 50
APRILA RALLY 50
APRILIA SONIC 50
DAELIM MESSAGE
OPEL ASTRA 1 7 D
OPEL KADETT GSI
OPEL KADETT GSI
FORD SIERRA
CITROEN AX 1.1 TE
VOLKSWAGWN GOLF
RENAULT R-11 GTD
RENAULT R-9
RENAULT R-11
CITROEN BX D
RENAULT R-5 GTL
OPEL CORSA 1.0
FIAT UNO 60 DIESEL
FORD FIESTA 1.1
PEUGEOT 505 SRD
KAWASAKI GPX 600
SEAT IBIZA DIESEL
VOLKSWAGEN GOLF GTI
LANCIA DEDRA
FORD FIESTA 1.1
CITROEN C – 15
FORD COURIER 1.8 D
RENAULT R-19
PEUGEOT 205 GT
SEAT IBIZA 1.9 D
CITROEN AX 1.1 I
FORD FIESTA 1.1 CFI
VOLKSWAGEN GOLF
FORD FIESTA 1.1 CFI
CITROEN ZX 1.9 D
RENAULT R 19 TXI
APRILIA MD-00

EXPEDIENTE : 1 / 2006

C-6240-BJV
6229-BJW
PO-1509-X
PO-0982-Y
PO-2664-AP
PO-3383-AX
PO-8315-AX
PO-0538-BS

HONDA SFX 50
HONDA CIVIC 1 3
SAAB 9000 I 16
OPEL KADETT 1.6 S
FORD COURIER
FIAT PUNTO 55 S
VOLKSWAGEN GOLF 1.6
PEUGEOT 306 XN

EXPEDIENTE : 2 / 2006

PO-2203-Z

SEAT IBIZA

PO-0322-AB
PO-1773-BL
ZA-8696-E

FORD ESCORT
VOLKSWAGEN GOLF
NISSAN VANETTE

TOTAL VEHÍCULOS : 389.

18(1407).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL E DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3339/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 9.10.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Van Divulgación Cultural, S.L. o concurso para a contratación da xestión do Centro de Artesanía Tradicional (CAT) e da Casa do Cesteiro. Expte. 3339/307, por un importe anual de máximo de 73.008 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10.07.2006 e a oferta presentada.

19(1408).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN XERAL DE BEIRARRÚAS. EXPTE. 49109/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 9.10.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Sercosa Galicia, S.A. o concurso para a contratación das obras de reparación xeral de beirarrúas. Expte. 49109/250 por un importe de 180.000 euros e unha baixa porcentual media do 16,80 respecto dos prezos unitarios previstos no proxecto, todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10.07.2006 e a oferta presentada.

20(1409).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes emitidos por Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a GLOBAL HUNT S.L. a fianza por importe de 840 € constituída para responder da “subministraición de armas para a Policía Local” xa que foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1424/241.

b) Devolver a CALFENSA PROYECTOS S.L. a fianza por importe de 2.774,00 € constituída para responder da “subministración e instalación de xardineiras” xa que foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1459/241.

c) Devolver a COLEGIO LOS MILAGROS S.L. a fianza por importe de 6.214,32 € constituída para responder da “xestión da escola infantil Santa Marta” xa que foi executada conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1438/241.

21(1410).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a TERESA GONZÁLEZ PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 434/243. RESPONSABLE FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 28.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Marcos Vázquez Gestal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial a nome de Dna. María Teresa González Pérez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de decembro de 2004, no que expón que o día 16 de outubro de 2004, mentres a Sra. González camiñaba pola rúa Brasil, á altura da confluencia coa rúa Santo Domingo, tivo unha caída ó esvarar nun cartón publicitario existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 16/10/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. González relátalles o accidente que tivera, sendo trasladada a un hospital; igualmente, comprobán a existencia do cartón e o seu perigo, retirándoo do lugar e solicitando a presenza do servizo de Limpeza para retirar uns cristais que tamén se atopaban na beirarrúa.*
- Comparecencia persoal da Sra. González, con data 05/01/2005, que entrega os anteollos rotos polos que reclama indemnización de danos materiais.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 25/01/2005, no que manifestan que a recollida de papel e cartón do colector de lixo selectivo fixérase a noite anterior ó accidente, descoñecendo se alguén botou máis cartón dentro ou fóra do colector correspondente con posterioridade á recollida.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 960,15 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 24/05/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria da recollida de lixo, que formula alegacións con data 21/06/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 13/07/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Dos datos obrantes no expediente (parte do servizo da Policía Local de 16/10/2004 e da proba testifical practicada) resulta que os danos foron debidos á existencia de residuos sólidos deixados na vía pública, cuxa limpeza corresponde á empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A. (FCC), concesionaria do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos e limpeza urbana e de praias do Concello de Vigo.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.1 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2001, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza urbana e de praias á empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., por un prazo de 16 anos, contados a partir do 1 de abril de 2001.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso á empresa concesionaria. As seccións 1ª e 2.2 do capítulo II do Prego de Condicións Técnicas do Contrato de recollida e transporte de residuos sólidos e limpeza urbana e de praias sinalan que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización da limpeza viaria das vías públicas do Concello de Vigo. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada á empresa FCC, na súa calidade de concesionaria do servizo de limpeza urbana, xa que o accidente se produciu debido á existencia de residuos na vía que non se limparon no día anterior, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo coa cláusula 21.2.c do Prego de Condicións Administrativas do contrato de recollida e transporte de residuos sólidos e limpeza urbana e de praias “corresponde ó concesionario indemnizar os danos e perdas que se causen a terceiras persoas”, obriga que só decaerá no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis á Administración, consonte o previsto no artio 161.c do RD lexislativo 2/2000.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Teresa González Pérez.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de limpeza urbana, de conformidade co establecido no prego de condicións técnicas da concesión administrativa do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza urbana e de praias do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 960,15 euros polos danos e perdas sufridos por mor do accidente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1411).- RECLAMACIÓN DE M^a TERESA MONROY RODAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 426/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 27.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Teresa Monroy Rodal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02 de decembro de 2004, no que expón que o día 04 de decembro de 2003, mentres camiñaba pola rúa Gran Vía, tivo unha caída á altura do número 142, por mor do desnivel que provocaban unhas lousas rotas na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico, polos que reclama unha cantidade de 12.244,30 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 04/12/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, atopan a Sra. Monroy tumbada nunha angarela para ser trasladada en ambulancia a un centro médico; son informados de que esta caíra na beirarrúa, por mor dun desnivel que causaban dúas lousas rotas na beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/01/2005, no que indican que na data do informe a beirrrúa atopábase en perfecto estado de conservación.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/02/2005, indicando que a beirarrúa no lugar do accidente fora reparada en setembro de 2004.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 05/05/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Os danos físicos son producidos, segundo resulta do parte do servizo da Policía Local de data 04/12/2003, por mor do desnivel que provocaban unhas lousas na beirarrúa, polo que resultan evidentes tanto a relación de causalidade como o funcionamento anormal dun servizo público municipal (falta de reparación da beirarrúa).

Danse tamén os demais requisitos para que prospere a acción de responsabilidade patrimonial.

Na data do accidente, o Excmo. Concello de Vigo tiña concertado un seguro de responsabilidade civil coa compañía aseguradora Mapfre Industrial (póliza 960370028287, cuxo ámbito de vixencia é dende o 01/01/03), cun límite de indemnización por sinistro de 900.000 euros e cunha franquía a cargo do tomador do seguro de 9.000 euros. O importe da reclamación é de 12.244,30 euros, cantidade inferior ó límite de indemnización por sinistro, polo que este está cuberto pola póliza, debendo aboar a compañía aseguradora o importe da indemnización, con exclusión do importe da franquía, cuxo aboamento correspóndelle ó Concello, en calidade de tomador do seguro.

Polo exposto, *propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

“1º.- Estimar reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Teresa Monroy Rodal, en concepto de danos e perdas polo accidente sufrido en data 4 de decembro de 2003 na contía por ela reclamada: 12.244,30 euros.

2º.- Comunicar o presente acordo a Mapfre Industrial para que proceda ó aboamento da cantidade consignada no apartado anterior, con exclusión do importe da franquía (9.000 euros).

3º.- Dar traslado do presente á Intervención Xeral deste Concello para que proceda ó aboamento de 9.000 euros á reclamante”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1412).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DE D. VÍCTOR RUÍZ PINDADO E OUTROS. EXPTE. 273/243. DESESTIMENTO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 4.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Con data 14 de xullo de 2006, don Julián Olivares Monteagudo, avogado, en nome e representación da compañía aseguradora Zurich España, S.A., interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 12/06/2006, notificado o 21/06/2006, polo que se lle comunica que proceda ó aboamento das cantidades que se indican, ó ser estimada polo devandito acordo a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en nome e representación de don Víctor Ruíz Pindado e outros, en concepto de danos e perdas polo accidente sufrido o 14 de outubro de 1998.

No documento presentado non resulta debidamente acreditada a identidade do interesado nin a representación coa que manifesta actuar, ó non se tratar de documentos orixinais nin de copias autenticadas, polo que se lle outorga un prazo de 10 días para que subsane os ditos defeitos e achegue os documentos requiridos.

O 28 de xullo de 2006 ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello escrito asinado por don Emilio Álvarez Buceta, procurador, en nome e representación da compañía aseguradora Zurich España, S.A., no que manifesta que por atoparse de vacacións o Sr. Olivares Monteagudo, “le es imposible a dicho abogado poder aportar en tiempo y forma la documentación solicitada” e interpón un recurso potestativo de reposición contra o mencionado acordo da Xunta de Goberno Local de 12/06/2006.

Antes de entrar na análise dos motivos nos que se fundamenta o recurso de reposición interposto, convén determinar se se produciu o desestimento do presentado con data 14/06/2006 e, en caso afirmativo, a extemporaneidade do interposto con data 28/07/2006, dado que o acordo recorrido foi notificado o 21/06/2006, co que transcorrera o prazo dun mes establecido ó efecto.

O artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, concede un prazo de dez días para a subsanación e mellora da solicitude. Este prazo facíase constar no requirimento feito á compañía aseguradora para que achegase a documentación requirida, sen que esta fose presentada, polo que, tal como establece o indicado precepto legal, ó interesado (a compañía aseguradora Zurich España, S.A.) “se lle terá por desistido”.

O desistimento non impide a presentación dun novo recurso de reposición, sempre que tal interposición se faga dentro do prazo dun mes establecido ó efecto no artigo 117.1 da Lei 30/1992. Ó ter sido notificado o acordo recorrido o 21/06/2006 e interposto de novo o recurso de reposición o 28/07/2006, resulta evidente que o foi fóra de prazo, o que leva a consideralo como extemporáneo.

A compañía aseguradora Zurich España, S.A. alega como primeiro motivo do recurso que o Concello, ó decir unilateralmente cando se produce o risco e cando nace a obriga de pago por parte da aseguradora, vulnera a Lei de Contrato de Seguro.

En canto a este motivo, ha de se ter presente que o artigo 142.2 da Lei 30/1992 atribúe ós correspondentes órganos das entidades locais a resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial que lles afecten, bastando para que prospere a acción de responsabilidade que os danos padecidos polos reclamantes teñan sido ocasionados polo funcionamento dun servizo público, cousa que resulta evidente da instrucción do expediente tramitado ó efecto, posto de manifesto, en trámite de audiencia de data 07/12/2005 á compañía aseguradora, sen que esta tivese formulado ningunha alegación.

Ocasionados os danos polo funcionamento dun servizo público local, deles ha de responder a Administración municipal, xa que o noso ordenamento xurídico configura a responsabilidade patrimonial da Administración como unha responsabilidade obxectiva ou polo resultado, sendo indiferente que a actuación administrativa teña sido normal ou anormal, bastando que o dano ocasionado sexa efectivo, avaliábel economicamente e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas (artigo 139.2 da Lei 30/1992). Esta responsabilidade ha de asumila a compañía aseguradora Zurich España, S.A., posto que na data na que se produciron os danos reclamados, este Concello tiña concertado con ela un seguro que lle garantizaba a responsabilidade civil e/ou patrimonial e/ou legal derivada da “prestación de los servicios públicos, por el funcionamiento normal o anormal de los mismos” (Cláusula 4-2.- Riesgos cubiertos das Condicións Especiais da póliza).

A “prescripción de la acción de contrario ejercitada”, alegada como segundo motivo do recurso, non pode prosperar, xa que se ben o prazo para reclamar é dun ano, este prazo, cando se esixa responsabilidade penal do persoal ó servizo das Administracións públicas (no presente caso a través do xuízo de faltas nº 2536/2002), suspenderase “salvo que a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial (artigo 146.2 Lei 30/1992). No presente caso, iniciado o xuízo de faltas nº 2536/2002, no Xulgado de Instrucción nº 3 dos de Vigo, no que se instaba a responsabilidade penal e civil das persoas que figuran como denunciadas, resulta claro que habería que esperar a que se dictase sentenza, xa que se non houberse condena penal, como así sucedeu, non sería posíbel na dita vía a condena patrimonial da Administración. Será a partir de ter adquirido firmeza a sentenza absolutoria, por Auto de 26/10/2004 como recoñece a reclamante, cando se inicie o prazo dun ano para formular a correspondente reclamación de responsabilidade patrimonial ante a Administración.

Como terceiro motivo do recurso adúcese a responsabilidade das empresas Vigilancia e Instalaciones de Seguridad y Alarma, S.A. (Prosega, S.a.) e de Planner Procentha, S.A., así como a concorrencia das vítimas na produción do sinistro.

Estas cuestións xa foran resoltas no xuízo de faltas 2536/2002 mencionado, polo que resulta improcedente a súa análise na vía administrativa.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local:

“1º.- Ter por desistida a compañía aseguradora Zurich España, S.A. do recurso de reposición interposto o 14 de xullo de 2006, contra acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de xuño de 2006 e, como consecuencia diso, considerar extemporáneo o recurso interposto o 28 de xullo de 2006 contra o citado acordo.

2º.- Desestimar, en todo caso, en canto ó fondo o mencionado recurso, polos motivos que quedan expostos.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1413).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ALFONSO GUITIÁN ALVAREZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 363/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 5.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

D. Alfonso Guitián Álvarez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de outubro de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 3 de xullo de 2006, na que se ten por desestimada a reclamación de responsabilidade patrimonial por el formulada, en data 06/10/2004, polos danos físicos ocasionados, por mor dunha caída dunha ocorrida o día 12 de novembro de 2003 na Travesía de Vigo, á altura do número 111..

A devandita resolución foi notificada ó reclamante con data 7 de agosto de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os dictara, fixando o artigo 117 da mesma lei o prazo para a súa interposición en un mes, se o acto fose expreso.

O cómputo dos prazos fixados por meses, computaránse, por imperativo do artigo 48 da Lei 30/1992, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. No suposto de referencia, dado que a resolución foi notificada o 7 de agosto de 2006, o prazo comenzo en 8 de agosto de 2006 e finalizou en 7 de setembro do mesmo ano. Consonte a doutrina do Tribunal Supremo (SSTS de 25.10.1995 e 24.03.1999 entre outras) segundo a cal, co fin de que non se compute dúas veces unha mesma data, o prazo cóntase desde o día seguinte á notificación da resolución que se recorre, e termina o día no que se cumpre o mes, pero contado desde a mesma data da notificación; polo que, neste caso, a presentación da solicitude de recurso de reposición con data 3 de outubro de 2006 resulta claramente extemporánea.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Alfonso Guitián Álvarez con data 03/10/2006, por tratarse dunha solicitude extemporánea ó ser presentada fóra do prazo previsto no artigo 117 da Lei 30/1992”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1414).- RECLAMACIÓN DE JOSÉ MANUEL ALONSO BASTOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15172/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 5.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Manuel Alonso Bastos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de xuño de 2002, no que expón que o día 17 de xuño de 2001, ó circular coa motocicleta de súa propiedade, matrícula PO-2482-AV, pola estrada da Vía (Cabral), na súa intersección co camiño do Amaro, sufriu unha caída por mor dos charcos de auga que emanaban da calzada, producíndose unha serie de danos físicos e materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, de data 24/06/2002, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 12/11/2002, indicando que se procedera á reparación duns pequenos buratos no lugar en xuño de 2001.*
- Práctica de proba testifical, en data 20/02/2003.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 04/04/2003, no que indican que a presenza de auga na calzada non procede de ningunha condución de abastecemento e que o deterioro da calzada nin chega a ser focha, non posúe a entidade suficiente como para circulando correctamente poida provocar a caída do usuario.*
- Informe do Parque Móbil, de 22/09/2003, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Racing Motos, presentado polo reclamante, por un importe de 1.024.382 pesetas IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos; así mesmo indican que o valor venal da motocicleta do vehículo está ó redor dos 4.900 euros.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 22/12/2003, no que se alega que non existe acreditación efectiva do presunto accidente nin dos danos e orixe do mesmo.*
- Dilixencias a Prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, de data 12/07/2001, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Alonso relátalles o accidente que tivera días antes.*
- Informe do servizo de Vías e obras, de data 08/06/2004.*
- Informe do Inventario Municipal, de data 21/09/2004, indicando que as vías en cuestión son de titularidade municipal.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/11/2004, indicando que o camiño do Amaro foi asfaltado entre os días 4 e 8 de outubro de 2001.*
- Informe do servizo de Seguridade e Circulación Viaria, de data 16/12/2004, no que indican que o camiño do Amaro ten unha limitación de velocidade a 50 km/h.*
- Informe do Consorcio de Compensación de Seguros, de data 17/01/2005, no que indican que o Sr. Alonso non recibiu ningunha indemnización por parte do mesmo.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 31.594,24 euros.*
- Informe do suboficial da Policía Local de Vigo, Sr. Martínez Muñoz e outros.*
- Trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 03/07/2006.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

A doutrina xurisprudencial elaborada pola Sala Terceira do Tribunal Supremo establece que a responsabilidade patrimonial da Administracións configúrase como unha responsabilidade obxectiva ou polo resultado, de aí que a obriga de indemnizar naza sempre que se produce unha lesión polo funcionamento normal ou anormal dun servizo público, pero para iso cómpre que entre a lesión e o funcionamento haxa un nexo causal do que resulte que a lesión é consecuencia dese funcionamento.

Resulta cando menos anómalo que a reclamación se formule case ó ano de producirse o accidente causante das lesións e, sobre todo, que cando aquel se produciu (17/06/2001) e dada a súa gravidade non se requirise a presenza da Policía Local e si días despois (o 12/07/2001) a requirimento do reclamante. No informe que emiten os Axentes nº 220 e 273, dise que “realizada una inspección ocular, los agentes comprueban que existe un montón de gravilla suelta (en forma de triángulo, fuera de la habitual zona de rodadura), justo en el centro de la confluencia de ambas calles”. No entanto, un deles, o nº 372, non o asina, xa que, segundo aclara en informe posterior “no puede el firmante decir que las condiciones que presentaba la vía el día del siniestro, tuvieran alguna influencia en el desarrollo del mismo”.

Segundo o reclamante, o accidente produciuse ó caer “imprevisiblemente al suelo sin poder controlar la motocicleta como consecuencia directa de los charcos de agua que emanan de la calzada”, propondo proba testifical. Da práctica da mesma e das súa manifestacións ante os Axentes da Policía Local, os días 11, 16 e 17 de outubro de 2005, resultan evidentes as contradicións na descripción e posíbeis causas do accidente, tal como se pon de manifesto no informe do Suboficial da Policía Local, Sr. Martínez Muñoz e outros.

No lugar do accidente a velocidade está limitada a 50 km/hora; no entanto, un dos testigos, que di que ía detrás do accidentado, manifesta que este ía entre 60 e 70 km/hora.

Da instrución do procedemento cabe deducir que o accidente causante dos danos produciuse ó circular a motocicleta a unha velocidade excesiva, conclusión á que, por outra parte, se chega no informe emitido polos Policías locais Sr. Martínez Muñoz e outros, ós que polos servizos que prestan dentro da mesma (atestados e motoristas) cabe atribuírlles unha especial capacitación para determinar as causas do accidente, cando na súa páxina 9 dise que a motocicleta “tenía que circular a una velocidad excesiva en cuanto a que tenía que rebasar en mucho la velocidad permitida e inadecuada para las condiciones del trazado y la calzada”. Non se da, pois, no presente caso a relación de causalidade entre o dano ou danos producidos e o funcionamento dun servizo público, requisito inexcusábel, entre outros, para que prospere a reclamación patrimonial.

A falta de nexo causal entre as lesións e o funcionamento dun servizo público municipal, que exime de responsabilidade patrimonial á Administración, fai innecesario cuantificar os danos reclamados que, en ningún caso, deberían ser superiores ós que se indican no informe do Parque Móbil de 22/09/2003, en canto ós danos materiais, e no informe da Asesoría médica do Concello de 03/02/2005, en canto ós danos corporais.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por D. José Manuel Alonso Bastos con motivo do accidente ocorrido coa motocicleta PO-2482-AV o 17 de xuño de 2001 na Estrada da Vía (Cabral), na súa intersección co Camiño do Amaro.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1415).- RECLAMACIÓN DE D. DAVID LÓPEZ MERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 651/243. RESPONSABILIDADE UTE AQUALIA-FCC S.A.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 10.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. David López Mera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xuño de 2005, no que expón que o día 10 de maio de 2005 mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-3392-BP, pola rúa San Francisco, á altura do número 21, ó pasar por un sumidoiro, a súa tapa provocou danos materiais á roda do vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, con data 10/05/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. López relátalles o accidente que tivera.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 21/07/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 3802/2005 de Talleres Monfer, presentada polo reclamante, por un valor de 133,11 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións con data 19/10/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 05/09/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

d) *Que non sexa producto de forza maior.*

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu ó introducirse a roda traseira do vehículo debido ó desprazamento da tapa de rexistro da rede de sumidoiros, tal como se desprende do parte de servizo da Policía local do mesmo día do accidente.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixiráselle á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. David López Mera.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 133,11 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1416).- RECLAMACIÓN DE D. ROBERTO GRAÑA GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 512/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 10.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Roberto Graña García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de febreiro de 2005, no que expón que o día 25 de febreiro de 2004 circulando co vehículo de súa propiedade, con matrícula A-1867-EF, pola Subida ó monte da Serra, sufriu danos materiais ó facer unha manobra xunto a un terreo aparentemente abandonado á altura do número 15, por haber un pivote de ferro pertencente ó peche do terreo que golpeou contra a defensa dianteira do vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Inventario municipal, de data 21/04/2005, indicando que tanto o vial como o terreo onde supostamente ocorreron os feitos son de titularidade municipal; igualmente que o ferro indicado polo reclamante non se atopa en zona de circulación de vehículos.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 06/05/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Electro-Auto Cangas nº 95, presentado polo reclamante, por un valor de 382,28 euros IVE incluído son correctos.
- Parte do servizo da Policía Local, de data 25/02/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Graña relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban a existencia do trozo de ferro no terreo, que non era visíbel desde o interior do coche, e dos danos na defensa dianteira do vehículo do Sr. Graña.
- Informe da oficina do Inventario Municipal, de 21/04/2005.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/08/2005.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 07/03/2006.

Fundamentos de dereito:

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

A doutrina xurisprudencial elaborada pola Sala Terceira do Tribunal Supremo establece que a responsabilidade patrimonial configúrase como unha responsabilidade obxectiva ou polo resultado, de aí que a obriga de indemnizar naza sempre que se produza unha lesión polo funcionamento normal ou anormal dun servizo público, pero para iso é preciso que entre a lesión e o funcionamento haxa un nexo causal do que resulte que a lesión é consecuencia dese funcionamento.

O propio reclamante comproba que os danos no vehículo producíronse ó engancharse a parte dianteira do mesmo “con un pivote de hierro perteneciente al cierre de la finca, el cual se encontraba al descubierto al haber sido cortado, sobresaliendo 20 centímetros del suelo”.

Das fotografías que obran no expediente, e tal com consta no informe da oficina do Inventario Municipal de 21/04/2005 “o trozo de PN doble T non obstaculiza nin supón perigo inminente dado que a súa ubicación está ó lado do poste de formigón do peche, e fóra da zona delimitada polo asfaltado da calzada”. Non se da pois, no presente caso, a relación de causalidade entre os danos producidos e o funcionamento dun servizo público, requisito inexcusábel, entre outros, para que prospere a reclamación patrimonial.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por D. Roberto Graña García polos danos ocasionados ó seu vehículo matrícula A-1867-EF o 25 de febreiro de 2004 na Subida ó Monte da Serra, por non se dar a relación de causalidade entre os danos producidos e o funcionamento dun servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1417).- RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO DE APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN DA NAVE INDUSTRIAL EN BAIXADA RÍOS, 153 (ANTIGA FÁBRICA DE CONSERVAS GARAVILLA). EXPTE. 44501/205.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 10.10.06, que di o seguinte:

A redacción do proxecto de demolición da nave industrial en Baixada a Ríos nº 153 (Antiga fábrica de Conservas Garavilla), foi realizada por TICCO Ingeniería S.L.

Con data 2 de maio de 2005 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar técnicamente o mencionado proxecto cun presuposto base de licitación de 34.177,85 €.

Aprobado técnicamente o proxecto, recíbese escrito do redactor con data 15 de maio de 2006, no que se indica que durante o proceso de mecanografiado, reflexáronse 72,68 m³ de demolición de mampostería, cando realmente son 27,68 m³.

A corrección supón un decremento no presuposto base de licitación de 4.312,63 €, polo que a cifra real resulta ser a de 29.865,22 € no lugar dos 34.177,85 €.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local correxir o acordo adoptado o 2 de maio de 2005 modificando a cantidade do presuposto base de licitación IVA incluído de 34.177,85 € pola de 29.865,22 € do proxecto de "Demolición da nave industrial en Baixada a Ríos nº 153 (Antiga fábrica de Conservas Garavilla)".

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Correxir o acordo adoptado o 2 de maio de 2005 modificando a cantidade do presuposto base de licitación IVA incluído de 34.177,85 € pola de 29.865,22 € do proxecto de "Demolición da nave industrial en Baixada a Ríos nº 153 (Antiga fábrica de Conservas Garavilla)".

29(1418).- PROPOSTA SOBRE REPARACIÓN DAS BEIRARRÚAS DA RÚA LÓRIGA. EXPTE. 50653/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.10.06, que di o seguinte:

Con data 13 de decembro de 2004 foi otorgada licenza de obras a Valderrey, Arquitectura y Promociones, S.L. para construír un edificio en r/Lóriga nº 18.

En dita licenza se contempla a reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras que se autorizan. O importe previsto na licenza de obra para a reposición de servizos no fronte do edificio ascende á cantidade de 2.100 €.

Durante o transcurso das obras desta edificación a rúa ten sufrido deterioros nas beirarrúas fora do ámbito das obras.

Por este motivo foi requerido o promotor para a reparación da beirarrúa fronte a este edificio ata a súa conexión con r/Venezuela.

O presuposto das obras necesarias para a reparación da beirarrúa no ámbito descrito no párrafo anterior ascende á cantidade de 17.568,96 euros.

O promotor alegando que as beirarrúas non estaban en perfectas condicións previamente ao comezo das obras, propón asumir a execución da totalidade da beirarrúa, aportando ao Concello os bordillos e baldosa necesario para iso, que supón un coste de material de 2.907,67 euros.

Adxuntanse:

Presuposto obras sen bordillo e baldosa 14.661,29 €

Presuposto bordillo e baldosa 2.907,67 €

TOTAL	17.568,96 €
-------	-------------

Planos de planta e seccións da beirarrúa a rehabilitar.

Licenza de obras.

Aval establecido na licenza por importe de 2.100 euros.

Polo exposto se somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Ceder os materiais de baldosa e bordillo a Valderrey, Arquitectura y Promociones, S.L. para a rehabilitación do pavimento da beirarrúa da r/Lóriga dende o nº 18 ata a súa conexión coa r/Venezuela, asumindo dito promotor o resto de materiais e a man de obra necesaria, para a execución das obras dacordo cos planos e presuposto que se adxuntan.

2.- O promotor deberá ampliar aval por importe de 12.561,29 € para cubrir o 100 % do seu compromiso que ascende á cantidade de 14.661,29 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

30(1419).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 1 PERI 4 BARREIRO 2. EXPTE. 1641/407.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais da Xerencia municipal de Urbanismo, do 13.10.06, que di o seguinte:

Con data 24 de xullo de 2006 a Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo por unanimidade “propón ao órgano de contratación competente, a adxudicación das obras de urbanización do Polígono I-PERI IV Barreiro 2, á empresa “Movexvial, SL” polo prezo de 2.528.410 € (IVE incluído), condicionado ao ingreso efectivo resultante do alleamento da parcela municipal. O prazo de execución das obras é de catro meses”.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 27 de xullo de 2006 tomou coñecemento desta proposta da Mesa de Contratación que se eleva á Xunta de Goberno Local con ese condicionante da realización dun ingreso polo alleamento da parcela municipal no citado ámbito.

Con data 25 de setembro de 2006 o Tesoureiro certificación o ingreso efectivo de 3.169.120 euros (437.120 € en concepto de IVA) polo concepto de enaxenación de parte do solar de BARREIRO. O importe requirido para completar a financiación da obra de urbanización de Barreiro era de 1.762.582 euros.

Despois da pertinente tramitación a Alcaldesa, por Decreto de 5 de outubro de 2006, aprobou o expediente de modificación de crédito 100/2006 (xeración de crédito) por importe de 2.732.000 euros co seguinte destino:

- 4320.6010000 Urbanización en Barreiro (06432000).....1.762.582 €.
- 4320.7100000 Transferencia á Xerencia de Urbanismo.....969.418 €.

En consecuencia co exposto, cómpre reiterar a proposta realizada polo Mesa de Contratación da Xerencia de Urbanismo o 24 de xullo de 2006, eliminando o condicionante xa cumprido:

1º) Adxudicar as obras de urbanización do Polígono I - PERI IV Barreiro 2, á empresa “Movexvial, SL” polo prezo de 2.528.410 € (IVE incluído) e cun prazo de execución de catro meses.

2º) Dar conta do presente acordo ós servizos de Intervención-Contabilidade e Patrimonio e Contratación.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

1º) Adxudicar as obras de urbanización do Polígono I - PERI IV Barreiro 2, á empresa “Movexvial, SL” polo prezo de 2.528.410 € (IVE incluído) e cun prazo de execución de catro meses.

2º) Dar conta do presente acordo ós servizos de Intervención-Contabilidade e Patrimonio e Contratación.

31(1420).- MELLORA DO CONTORNO DA SOCIEDADE CULTURAL HELIOS (BEMBRIVE). EXPTE. 50497/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 2.10.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “ Mellora do entorno da sociedade Helios (Bembrive), redactado por PETTRA xunto co prego de prescricións técnicas do mesmo .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de de “ Mellora do entorno da sociedade Helios (Bembrive) .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras por importe de 203.840,18 € e con cargo á partida 511.0.611.00.33 do orzamento 2006

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

32(1421).- REURBANIZACIÓN DA PRAZA E. CHAO. FASES 1A E 1B. EXPTE. 50016/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.08.06 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 11.08.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de Reurbanización da Prza. Eduardo Chao, fases 1ª e 1B, redactado por PETTRA xunto co prego de prescricións técnicas do mesmo .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de de Reurbanización da Prza. Eduardo Chao, fases 1A e 1B, na cidade de de Vigo .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras por importe de 484.000,00 € e con cargo á partida 511.0.611.00.38 do orzamento 2006

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

33(1422).- MELLORA DA ESTRADA IGREXA-MARCOSENTE (ZAMÁNS) E REPARACIÓN CAMIÑOS MONTE DA MINA, EIXOU E FALCOA (CASTRELOS). EXPTE. 50500/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 4.10.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os proxectos redactados polo enxeñeiro técnico municipal D. Jorge Muñoz Rama que conteñen os pregos de prescricións técnicas, e coas seguintes denominacións : “Mellora da estrada Igrexa - Marcosende (Zamáns)“ e “Reparación dos caminos Monte da Mina, Eixou e Falcoa - Castrelos ”

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso, por lotes, das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras por importe de :

Lote 1 : “Mellora da estrada Igrexa- Marcosende (Zamáns)“ : 155.000,00 € Lote 2: “Reparación dos caminos Monte da Mina, Eixou e Falcoa - Castrelos ” : 115.000,00 € e con cargo ás partidas 511.0.611.00.35 ; 511.0.611.00.37 respectivamente do orzamento 2006

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

34(1423).- ESTUDO SOBRE SECTORIZAICÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGAS DE VIGO. EXPTE. 50516/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 4.10.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso da asistencia técnica para elaborar o “Estudio sobre sectorización da rede de abastecemento de auga de Vigo”.

2º.- Autorizar o gasto para a contratación da asistencia técnica para a redacción ddi dito proxecto por importe de 50.000, 00 € e con cargo á partida 4410.227.06.02 do orzamento 2006.

3º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

35(1424).- OBRAS DE REFORMA DO CHALET AGARIMO- 1ª FASE. EXPTE. 3054/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.10.06 e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral do Área de Servizos Xerais, do 3.10.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto redactado polo arquitecto municipal Don Juan Luis Piñeiro Ferradás para a obra: “Reconstrucción do calé Agarimo. Fase 1.”

2º.- Aprobar os pregos de prescripcóns técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso, por lotes, da obra referida.

3º.- Autoriza-lo gasto por importe de 510.000, 00 € e con cargo á aplicación presupostaria 4631 611 0000 do orzamento 2006.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

36(1425).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA FESTIVAL DE MÚSICA “ARE-MORE 2006”. EXPTE. 9880/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 10.10.06, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar os prezos de venda ao público das entradas para os espectáculos incluídos no programa do *Festival de Música de Vigo Are-More 2006*, de acordo co seguinte detalle:

A. Prezos para os concertos no Teatro Cine Fraga-Caixagalicia:

Acceso por entrada, capacidade limitada e butaca numerada.

CONCERTO	DATA	PREZO	ABONO
Orquestra Sinfónica de Berlín	20/10/06	20€	Non incluído
Arcadi Volodos	21/10/06	10.-€	Incluído
Inva Mula e Edelmiro Arnaltes	28/10/06	10.-€	Incluído
La Tartana: “O neno e os sortilexios”	2, 3/11/06 (escolar, doble función) 4/11/ 05 (familiar)	2.-€ 3.-€ ad, 2.-€ inf	Non incluído

“A ópera dos tres porquiños”	16,17/11/06 (escolar, dobre func) 18/11/06 (familiar)	2.-€ 3.-€ ad, 2.-€ inf	Non incluído
Ensemble Ausonie	9/12/06	10€	Incluído
Orquestra Barroca NORTE DO SUL	13/12/06	10€	Incluído
Ensemble XVIII/21 AND LES FLEURS DU PRUNUS	19/12/06	20€	Incluído

B. Concertos no auditorio municipal: 2.-€

C. Concertos no auditorio “Martín Codax” do Conservario Superior de Música, na Parroquia-Santuário “María Auxiliadora e no Instituto Camoes:
Acceso libre, ata completar o seu aforamento.

D. “Concertos para bebés”, no Marco: 2.-€ até 5 anos, con dereito a dous acompañantes.

E. ABONOS E DESCONTOS NO TEATRO CINE FRAGA-CAIXAGALICIA.

E.1. ABONOS (quedan excluídos o concerto de inauguración e os concertos do ciclo de formación de públicos)

- ABONO 5 CONCERTOS: Desconto do 30%
Aplicarase o desconto sobre o total ao adquirir xuntas entradas para os 5 concertos.
- ABONOS 3 CONCERTOS: Desconto do 20%
Aplicarase o desconto sobre o total ao adquirir xuntas entradas para 3 concertos a escoller.

E.2. DESCONTOS

- MENORES DE 25 ANOS, MAIORES DE 65 ANOS, FAMILIAS NUMEROSAS, PERSOAS DISCAPACITADAS OU DESEMPREGADAS: Desconto do 30%. Este desconto non e acumulábel con outras bonificacións.
- PREZO DE APOIO AOS ESTUDANTES DE MÚSICA: Prezo único de 3 € para calquera dos concertos programados. Beneficiarase deste desconto o alumnado dos conservatorios, de escolas de música públicas e privadas, membros de bandas de música, masas corais, etc. Este desconto é incompatíbel con calquera outro tipo de desconto ou abono.
- PREZO DE APOIO Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA E ASOCIACIÓNS MUSICAIS VIGUESAS: Prezo único de 3 € para calquera dos concertos programados. Beneficiarase deste desconto a comunidade escolar da Universidade de Vigo e as persoas asociadas á Asociación “Amigos de la Ópera” de Vigo, á Sociedade Filarmónica de Vigo e ás Xuventudes Musicais de Vigo. Este desconto é incompatíbel con calquera outro tipo de desconto ou abono.

ACREDITACIÓN DE IDENTIDADE: as persoas portadoras de entradas con prezo reducido, por idade ou por seren estudantes de música terán que acreditar necesariamente a súa identidade ou a súa condición (estudante de música, membro de banda, etc.).

F. CONCERTOS DE FORMACIÓN DE PÚBLICOS

Os concertos incluídos no ciclo de formación de públicos están fóra do sistema de abonos.

As funcións para público escolar irán destinadas á comunidade educativa da cidade, que deberá inscribirse previamente a través do Intituto Municipal de Educación (IME), para grupos cun mínimo de 15 persoas, e teñen un prezo de 2 € por alumno/a; o acceso do profesorado acompañante será gratuío. Estas funcións non están abertas ao público xeral.

As funcións para público familiar están pensadas para a participación de grupos familiares que poderán adquirir entradas xuntas até un máximo de 10 rapaces. Límite máximo de dous adultos acompañando a un rapaz. Os prezos serán de 3 €, adulto, e de 2 € (infantil até 14 anos).

2º. A venda de entradas dos espectáculos que se desenvolverán no Teatro Cine Fraga-Caixagalicia realizarase a través do sistema de Caixagalicia (internet e venda telefónica).

3º. A venda de entradas para o auditorio municipal e mailo Marco realizarase nas taquillas correspondentes.

4º. Á finalización do programa do festival realizarase o ingreso total da recaudación na conta municipal correspondente.

37(1426).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DA ORQUESTA SINFÓNICA DE BERLÍN – FESTIVAL DE MÚSICA ARE-MORE 2006. EXPTE. 9878/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 9.10.06, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto da *ORQUESTA SINFÓNICA DE BERLÍN*, o día 20 de outubro, ás 20,30 horas, no Teatro-Cine Fraga Caixagalicia, dentro do programa do *Festival de Música Are-More 2006*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 26.100.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa AGM-VIVACE, CIF G-84169424.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
ORQUESTA SINFÓNICA DE BERLÍN*

En Vigo, o xx de xxxxxxxxxxxx de 2006

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Juan Manuel Sanz Granda, NIF 7223018-Y, en calidade de Director, e que actúa en nome da empresa denominada AGM-VIVACE, CIF G-84169424, e con domicilio en Madrid, rúa Conde de Xiquena, número 15, CP 28004; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécese capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto da ORQUESTRA SINFÓNICA DE BERLÍN, no sucesivo O ARTISTA, o venres 20 de outubro de 2006, ás 20,30 horas, no recinto denominado Teatro-Cine Fraga-Caixagalicia. O ARTISTA efectuará un concerto cunha duración mínima de 70 minutos.

Este concerto será a inauguración do FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO "ARE-MORE" 2006, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 19 de outubro de 2006.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 22.500.- Euros máis 3.600.- Euros (en concepto do 16 % de IVE), o que fai un importe total de 26.100.-Euros (vinteseis mil cen euros), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de AGM-Vivace, que se entregará a D. Juan Manuel Sanz Granda, NIF 7223018-Y, ou persoa en quen delegue, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 839 butacas (630 en patio de butacas, 177 en anfiteatro e 32 en palcos). O CONCELLO porá as correspondentes entradas á venda e será o beneficiario da total recaudación; tamén reservará invitacións protocolarias das que entregará á AXENCIA un máximo de dez (10).

O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá adecuadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2006 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Plan de Xestión do Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

Ademais, este concerto concreto do festival contará co patrocinio específico da empresa PSA-PEUGEOT-CITROEN.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

O escenario do recinto de actuación ten unhas medidas de 12 metros de fronte por 7,5 metros de fondo; ademais conta con 122 tarimas tipo “rosco”, de 2 metros por 1 metro, regulables en altura.

1.2. ILUMINACIÓN.

O CONCELLO subministrará o seguinte material de iluminación: 12 cuarzos 2kw, 8 recortes 2kw, 2 fresnel e mesa de iluminación.

1.3. BACKLINE.

O CONCELLO subministrará un piano gran cola Steinway, referencia 521750, avalado por Inmanol Isazu, así como un podium de director, 35 atriles e 1 atril de director, 50 cadeiras sen brazo, 4 taburetes de contrabaixo e 1 cadeira para piano.

1.4 RECINTO E INSTALACIÓN S.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalación s e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos*
- saída ao escenario (entre caixas)*
- pasillos entre camerinos e escenario*

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dos seguintes camerinos de uso exclusivo: 2 grandes con baño, 1 para orquestra e 2 individuais con lavamáns; todos eles estarán aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estos llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, infusións e fruta.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou parada para descenso do ARTISTA de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo: taquilleiros, porteiros, acomodadores.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

